

CAPÍTULO PRIMEIRO. SOBRE EQUO GALICIA

Artigo 1. Denominación

1. O nome oficial da organización galega de EQUO é EQUO GALICIA.
2. A denominación en cada ámbito territorial deberá incluír a palabra EQUO, en primeiro lugar, xunto co nome propio correspondente.
3. O símbolo de EQUO GALICIA é un Q cunha liña horizontal (de igual extensión que a liña que forma o Q) situada debaixo, de tal xeito que represente o símbolo igual (=). Este símbolo non ten unha cor única. O verde, sen ser a única, é a cor de referencia e dominante. Á dereita aparecerá o nome de Galicia en maiúsculas. Xusto debaixo figurará o nome das organizacións territoriais.
4. O logotipo adaptase a EQUO GALICIA e esta composto polas letras, en minúsculas, da palabra "equo" segundo os criterios do artigo 1 (apartados 4 e 5) dos estatutos federais, ao que se engade tamén en maiúsculas a palabra Galicia.
5. Recoméndase o uso do logotipo dos Verdes Europeos (European Greens) sempre que sexa axeitado e conveniente.
6. Anéxase a estes Estatutos un exemplo de logotipo e símbolo en branco e negro (Anexo I).
7. Os logotipos e símbolos de EQUO GALICIA son propiedade de EQUO.
8. A denominación xeral é propiedade de EQUO, cuxos órganos a nivel galego coidarán da súa legalización, protección e bo uso, de acordo co estipulado na súa propia normativa.

Artigo 2. Ámbito, carácter nacional, toponimia e lingua

1. EQUO GALICIA terá como referente ao partido EQUO no ámbito do Estado español e a nivel internacional ao Partido Verde Europeo e aos *Global Greens* (Verdes Mundiais).
2. EQUO GALICIA confórmase como unha organización con personalidade xurídica propia e que, desde un marco ideolóxico e político común, se articula en organizacións de ámbito comarcal e local que respectarán o marco normativo xeral de EQUO, os presentes Estatutos e os principios de funcionamento xerais descritos nos mesmos, garantindo en todos os casos a igualdade de dereitos e obrigas de todas as persoas afiliadas a EQUO GALICIA e a EQUO no conxunto do Estado español.
3. O ámbito de actuación de EQUO GALICIA será o das catro provincias galegas ao que nos referiremos no que sigo como "ámbito nacional". Utilizaranse os adxectivos "federal" para referirse a todo o relacionado con EQUO a nivel estatal, "nacional" para referirse a todo o relacionado con EQUO GALICIA ou co territorio galego e "territorial" para referirse a todo o relacionado coas agrupacións comarcais ou locais de EQUO GALICIA.

4. En cada ámbito comarcal e local só poderá existir unha única organización política de EQUO que opere no conxunto de dito ámbito. Esa organización terá a capacidade de determinar a súa propia denominación, que incluirá a palabra EQUO.
5. Poderán asociarse a EQUO GALICIA outras organizacións políticas e sociais, mediante os correspondentes protocolos de adhesión e sempre compartindo os presentes Estatutos. Con estas organizacións (a través do protocolo de adhesión que se estableza de maneira bilateral) teranse que arbitrar fórmulas de coordinación cos órganos de EQUO GALICIA correspondentes e teranse que garantir a igualdade de dereitos e obrigas das súas persoas afiliadas con todas as persoas afiliadas a EQUO no conxunto do Estado e no ámbito autonómico no que se residan.
6. En EQUO GALICIA participan as organizacións, colectivos, asociacións e todas as persoas que libre e voluntariamente se adscriban e acepten a política de EQUO GALICIA aprobada nas súas asembleas nacionais.
7. EQUO GALICIA gozará de personalidade xurídica plena e da capacidade de obrar necesaria para o cumprimento dos seus fins. Terá plena soberanía de decisión e actuación en todo o relativo ao seu propio ámbito territorial e competencial.
8. As organizacións comarcais e locais integradas en EQUO GALICIA non poderán en ningún caso adoptar decisións contrarias aos principios contidos nestes Estatutos, nos Estatutos de EQUO, nos acordos tomados nas Asembleas Nacional ou Federal, nin nos Congresos nacionais ou federais. A Mesa Nacional, cando se trate de decisións de ámbito competencial de calquera das organizacións de EQUO GALICIA, terá papel consultivo.
9. Os acordos da Asemblea, dos Congresos ou doutros órganos territoriais nacionais de EQUO GALICIA, dentro dos ámbitos competenciais respectivos, son vinculantes para todas as organizacións de EQUO GALICIA e para os seus membros individuais. As decisións ou posturas das diferentes organizacións comarcais ou locais de EQUO GALICIA nunca serán vinculantes para o ámbito nacional.
10. EQUO Galicia usará sempre a forma oficial galega de todos os topónimos nacionais.
11. A lingua de traballo de EQUO Galicia é o galego. Nos documentos e comunicados oficiais, tanto internos como externos, empregárase a normativa oficial. Porén, e a título individual, os membros de EQUO Galicia poderán facer uso da súa liberdade lingüística e expresarse, tanto oralmente como por escrito, en castelán ou en galego. En caso de expresarse en galego, poderán facelo en calquera das normativas que actualmente se empregan. Tradúciense ao castelán aqueles documentos ou comunicados que teñan relevancia no resto de EQUO Federal (coma Estatutos, comunicacións con outros territorios, etc.) ou no conxunto

do Estado (coma comunicados de prensa destinados a ser difundidos fora de Galicia, etc).

Artigo 3. Fins e obxectivos de EQUO GALICIA

EQUO GALICIA actuará conforme aos principios ideolóxicos e políticos descritos na Carta Constituinte de EQUO.

EQUO GALICIA ten como obxectivo elaborar desde a ecoloxía política, a equidade social e a rexeneración democrática unha proposta coherente de transformación social, ecolóxica e democrática para ofrecerlla á sociedade e, co seu apoio, conseguir a participación nas institucións representativas de carácter político a través das correspondentes eleccións.

Os seus fins e obxectivos serán os seguintes:

1. Dereitos humanos:

- a) Loita pola defensa dos dereitos humanos recoñecidos na Declaración Universal de 1948 e pola xurisdición universal para a persecución e erradicación dos delitos de lesa humanidade no mundo, apoiando o dereito das vítimas á memoria, á xustiza e á reparación.
- b) Promover a resolución pacífica de conflitos, o diálogo, a non violencia e o avance cara a unha humanidade libre de armas. Fomentar a solidariedade internacional, unhas relacións Norte-Sur xustas social e ambientalmente, e o establecemento de formas de gobernanza global en igualdade e democracia.
- c) Potenciar e defender a pluralidade de pensamento e a diversidade cultural como forma de riqueza colectiva, protexer os dereitos das minorías como salvagarda de dita riqueza e defender o dereito á conservación dos bens culturais e históricos, tanto materiais como inmateriais.
- d) Loitar pola igualdade xurídica e a normalización lingüística do galego en todos os ámbitos sociais mediante políticas que a estimulen.
- e) Promover a aprendizaxe das demais linguas oficiais do Estado no ensino galego para que os nosos estudantes, e no futuro a sociedade galega, sexan capaces de desenvolverse en calquera delas.

2. Equidade e igualdade:

- a) Fomentar a igualdade e a solidariedade entre as persoas desde o respecto da diversidade, posicionándose contra toda forma de discriminación por motivo de sexo, xénero ou orientación sexual; de raza, crenza relixiosa ou non, etnia, nacionalidade ou orixe xeográfica; de diversidade funcional, enfermidade, aparencia física; de orientación política; de idade; ou de calquera outro tipo.
- b) Promover a redución das desigualdades entre territorios e individuos e fomentar que ninguén teña limitada a súa capacidade económica segundo o seu lugar de orixe.

c) Garantir a igualdade de oportunidades no acceso á educación, á saúde, ao traballo, á calidade de vida e, por ende, ao desenvolvemento das capacidades individuais durante todo o ciclo vital, así como o dereito á formación dos individuos en liberdade desde a súa infancia, prestando atención á diversidade . Especial atención merecen os dereitos da infancia e a xuventude, como colectivos particularmente sensibles, co obxectivo de garantir o acceso da xuventude á toma de decisións sobre o seu futuro.

d) Loitar pola dignidade humana, defender o dereito a errar e á rectificación, rehabilitación, reinserción e integración de todas as persoas nunha sociedade tolerante.

e) Defender a conciliación da vida persoal e do gozo do tempo libre coa realización de labores produtivas e de coidados encamiñadas a un ben colectivo e en harmonía coa biosfera.

3. Democracia:

a) Promover o desenvolvemento de ferramentas legais que permitan unha maior participación cidadá na toma de decisións.

b) Defender as formas políticas de organización colectiva en torno á participación activa e responsable das persoas na procura da construción común dunha sociedade máis xusta e próspera.

c) Contribuír ao desenvolvemento dunhas institucións públicas libres de corrupción, transparentes, exemplares e capaces de evitar que na política dominen os intereses particulares, financeiros e económicos por riba do ben común.

d) Defender o dereito a unha información veraz, tendo en conta a pluralidade dos medios de comunicación, a calidade dos contidos e a responsabilidade pública.

e) Construír unha organización política respectuosa coa igualdade entre toda a cidadanía e coas identidades culturais.

4. Ecoloxía, biodiversidade:

a) Promover a defensa e a conservación da biodiversidade, e os dereitos de todos os seres vivos nunha relación equilibrada entre o ser humano e outras formas de vida.

b) Contribuír a mitigar os efectos do cambio climático mediante a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro aos niveis e nos prazos recomendados pola comunidade científica, así como á construción de sociedades resilientes.

5. Economía:

a) Promover un modelo económico, social e ambiental que, reducindo a pegada ecolóxica permita conciliar o desenvolvemento humano de maneira responsable cos límites físicos presentes e futuros do planeta, poñendo o benestar humano e a xustiza social como obxectivos da economía.

b) Contribuír a un cambio de modelo económico que supere o capitalismo e o produtivismo. Promover un cambio no modelo

enerxético cara a un escenario post-fosilista, baseado na mellora da xestión, na redución da demanda, no aforro, na eficiencia e nas enerxías renovables.

Artigo 4. Domicilio

1. O domicilio social de EQUO GALICIA está supeditado á aprobación da mesa de EQUO GALICIA.
2. Para a especificación posterior de dito domicilio non será necesaria a modificación deste artigo, senón que se incluírá nun anexo para cuxa aprobación será a Mesa Nacional o órgano competente.
3. Cada organización territorial poderá establecer o seu propio domicilio social no lugar que acorde a Mesa de Coordinación correspondente. Os seus traslados deberán comunicarse aos órganos nacionais e ás persoas afiliadas do seu ámbito territorial.

Artigo 5. Principios de funcionamento xerais

1. EQUO GALICIA é unha organización que para o seu funcionamento interno se define como un partido en rede, horizontal, inclusivo, transparente, aberto e participativo. A consecución deste modelo organizativo fundamentarase nos seguintes principios:
 - a) A igualdade das persoas de EQUO GALICIA mediante a aplicación do principio democrático de “unha persoa, un voto” e de que todos os votos valen o mesmo.
 - b) A paridade de xénero en todos os seus órganos consonte ao documento “Cotas de xénero en EQUO” (Anexo IV a estes Estatutos).
 - c) O establecemento de canles participativas para a proposta, o debate interno, a deliberación e a toma de decisións por parte de todas as persoas vinculadas a EQUO GALICIA.
 - d) A apertura á sociedade como organización permeable ás súas necesidades, ás súas achegas e aos seus anhelos, e a concepción de EQUO GALICIA como instrumento ao servizo da cidadanía, con especial atención aos máis débiles e necesitados.
 - e) A necesaria exemplaridade das persoas vinculadas a EQUO GALICIA, especialmente aquelas con cargos e responsabilidades específicas na organización.
 - f) O recoñecemento da riqueza da pluralidade e diversidade no seu seno, dentro do marco de valores compartidos reflectidos nos seus fins, na Carta Constituinte de EQUO Federal, nos valores do Partido Verde Europeo e na Carta de Camberra dos Verdes Mundiais.
 - g) A procura de consenso e o respecto ás posturas minoritarias.
 - h) A defensa da cohesión interna necesaria para a consecución dun proxecto común e a vertebración de EQUO para o seu mellor funcionamento, estimulando a participación das persoas que o compoñen na vida orgánica do partido.

- i) A limitación temporal e de acumulación simultánea de cargos e responsabilidades nas persoas, tanto en responsabilidades internas como na representación política nas institucións públicas.
- j) O respecto da autonomía das organizacións no seu seno, dentro do seu marco territorial segundo se detalla nestes mesmos Estatutos.
- k) A transparencia entendida como un dereito de acceso á información das persoas de EQUO GALICIA limitada unicamente en casos excepcionais, tal e como se definen no artigo 30.8 destes Estatutos.
- l) A independencia financeira e política respecto das institucións públicas e privadas, en particular das empresas financeiras ou doutro tipo e dos grupos de presión.
- m) A promoción e o dereito a explorar novas formas de organización política que fomenten e melloren de maneira efectiva estes principios.
- n) O dereito á formación e ao desenvolvemento persoal e político das persoas de EQUO GALICIA.
- o) O fomento da resolución pacífica dos conflitos, a mediación e a aplicación de procesos sancionadores como último recurso.
- p) A conexión eficaz, comprometida e compartida cos movementos sociais.

CAPÍTULO SEGUNDO. SOBRE AS PERSOAS EN EQUO GALICIA

Artigo 6. Persoas afiliadas

1. Poderán ser persoas afiliadas de EQUO GALICIA as persoas físicas, maiores de idade, que se atopen en pleno exercicio dos seus dereitos e que non teñan limitada nin restrinxida a súa capacidade de obrar e acepten voluntariamente os seus Estatutos.

Artigo 7. Admisión

1. A condición de membro do partido adquirese previa solicitude da persoa interesada á EQUO GALICIA e segundo o descrito na Carta Financeira (Anexo IX) adxunta a estes Estatutos.

Artigo 8. Rexistro de persoas afiliadas

1. En EQUO GALICIA existirá un rexistro de persoas afiliadas no que constarán os datos das altas e das baixas con acceso ao mesmo por parte dos órganos comarcais e locais que correspondan en cada caso.
2. EQUO GALICIA compartirá o seu rexistro de persoas afiliadas coa Unidad Administrativa de Recaudación y Censo do xeito que regulamentariamente determine a Mesa Federal. No caso de partidos asociados a EQUO GALICIA mediante protocolos de adhesión, ditos protocolos regularán a forma de compartir a información deses rexistros.
3. O rexistro de persoas afiliadas farase público en todos os procesos electivos de EQUO GALICIA no ámbito territorial no que se desenvolvan, con 15 días de antelación ao inicio do proceso e con respecto á lexislación vixente no que se refire á protección de datos.

Artigo 9. Dereitos das persoas afiliadas

As persoas afiliadas terán dereito a:

1. Participar nas actividades e decisións de EQUO GALICIA e nos órganos de goberno e representación, a exercer o dereito de voto, así como a asistir con voz e voto ás Asembleas Nacionais, sempre que estean ao corrente no pago das cotas ou outras achegas.
2. Escoller e ser escollidas para formar parte dos órganos de EQUO GALICIA nos seus distintos ámbitos: autonómico, comarcal ou local.
3. Ser elixidas para formar parte das candidaturas que EQUO presente nos distintos comicios electorais e para a súa presenza e representación en diferentes institucións ou organizacións.

4. Ser informadas da composición dos órganos xestores e de administración ou sobre as decisións adoptadas polos órganos xestores sobre as actividades realizadas polo partido e sobre a súa situación económica.
5. Impugnar os acordos dos órganos do partido que estimen contrarios á lei ou aos Estatutos federais ou nacionais.
6. Participar no seu ámbito respectivo nas decisións que adopte EQUO GALICIA.
7. Participar na Equomunidade virtual e nos grupos de traballo, así como nos grupos e actividades que se poidan organizar no seu ámbito territorial.
8. Participar na elaboración de resolucións e programas de EQUO e a facer formulacións ou propostas para a elaboración de proxectos a nivel territorial e estatal.
9. Expor nas asembleas Federal e Nacional, máis nas comisións executivas Federal e Nacional, todo o que consideren que poidan contribuír a facer máis plena a vida de EQUO GALICIA e máis eficaz a realización dos seus obxectivos e fins.
10. Ter acceso aos Estatutos, regulamentos e outra normativa aplicable no ámbito federal o territorial.
11. Exercer a representación que se lles confira en cada caso.

Artigo 10. Deberes das persoas afiliadas

As persoas afiliadas cumprirán cos deberes que resulten das disposicións estatutarias e, en todo caso, cos seguintes:

1. Compartir os fins do partido e colaborar na súa consecución.
2. Acatar e cumprir os acordos validamente establecidos polos órganos de goberno de EQUO GALICIA.
3. Respectar e cumprir o disposto nestes Estatutos.
4. Contribuír en tempo e forma á sustentación de EQUO GALICIA coas cotas obrigatorias ou outras achegas que, de conformidade con estes Estatutos e coa Carta Financeira de EQUO, lle poidan corresponder a cada persoa.
5. Non estar afiliado a ningún outro partido político, agás no caso daquelas formacións políticas membro do Partido Verde Europeo ou daquelas outras coas que se manteña un acordo de asociación que explicitamente regule esta circunstancia, ou no marco de colaboración que EQUO GALICIA poida establecer con outros partidos políticos.

Artigo 11. Baixa da persoa afiliada

Provocarase a baixa no partido por:

1. Libre decisión da persoa afiliada do partido mediante a oportuna comunicación aos responsables do órgano territorial correspondente que cursarán a mesma.
2. Resolución sancionadora dos órganos competentes.
3. Impagamento inxustificado da cota de afiliación ou de calquera das achegas mencionadas no artigo 10.4, nun prazo de tres meses desde a data establecida.
4. Presentación a eleccións en candidatura distinta da avalada polo partido, agás de existir autorización expresa por parte da Mesa Nacional de EQUO GALICIA.

Artigo 12. Simpatizantes

1. Poderán ser simpatizantes de EQUO GALICIA as persoas físicas, maiores de idade que non teñan limitada nin restrinxida a súa capacidade de obrar e que o soliciten expresamente de xeito individual e acepten voluntariamente os principios políticos da organización, así como as regulamentacións normativas e organizativas recollidas nestes Estatutos e noutros regulamentos de EQUO GALICIA.
2. Serán rexistrados nun Censo de Simpatizantes e terán os seguintes dereitos:
 - a) A participar na Equomunidade virtual e nos grupos de traballo, así como nos grupos e actividades que se poidan organizar no seu ámbito territorial.
 - b) A poder asistir ás asembleas locais, comarcais, nacionais e federais, en xeral con voz mais sen dereito a voto, agás naquelas cuestións que se poidan estipular expresamente.
 - c) A poder presentarse ás primarias para ser candidato ou candidata nas listas electorais de EQUO sempre que a súa candidatura veña avalada pola asemblea ou entidade territorial na que estea rexistrado/-a e na que se celebren os comicios.
3. A Mesa Nacional poderá establecer unha cota simbólica para a participación dos simpatizantes en distintas actividades.
4. A natureza dos mecanismos para a súa alta, baixa e sometemento ao réxime disciplinario de EQUO GALICIA será idéntica á das persoas afiliadas.

Artigo 13. A Unidade Económica e Administrativa (UEeA)

1. A Unidade Económica e Administrativa será a encargada tanto da xestión das achegas económicas das persoas afiliadas a EQUO GALICIA, como da supervisión dos respectivos censos de afiliación. Ademais deberá coordinarse coa Unidad Administrativa de Recaudación y Censo (UARC) de EQUO Federal segundo regula o artigo 13 dos estatutos federais.
2. A UEeA será a encargada de recibir e administrar as contribucións das persoas afiliadas redistribuíndo periodicamente as porcentaxes asignadas a cada estrutura territorial.
3. A UEeA estará composta por dous membros titulares e dous suplentes que serán escollidos pola Mesa Nacional a proposta da Comisión Executiva xunto co Tesoureiro. Responderá das súas actuacións ante a Mesa Nacional, á que entregará anualmente un informe das súas actividades.
4. A UEeA rexerese polo seu propio regulamento de funcionamento.
5. Mentres non se constitúa a UEeA, o Tesoureiro asumirá as súas funcións.

Artigo 14. Redes transversais

En EQUO GALICIA poderanse crear redes e estruturas específicas e transversais como sucede a nivel federal coas redes Equo Joven e Equo Mujeres. A súa formación, competencias, presenza e dereitos nos órganos de EQUO GALICIA terán que ser aprobados pola Asemblea Nacional.

Os seus estatutos e regulamentos propios, a súa denominación e a elección dos seus órganos axustarase aos principios políticos e organizativos dos Estatutos Federais e destes Estatutos.

1. Rede Equo Xove (RQX):
 - a) En EQUO Galicia cremos necesaria a creación dunha Rede Equo Xove, organización xuvenil de EQUO GALICIA para promover a participación dos mozos e mozas na vida interna do partido. Os seus estatutos e regulamentos propios e a elección dos seus órganos axustarase aos principios políticos e organizativos dos Estatutos Federais e destes Estatutos.
 - b) Poderán pertencer á Rede Equo Xove os mozos e mozas maiores de 14 anos e menores de 30 que o soliciten expresamente e o acepten libre e voluntariamente.
 - c) Se así o desexan, as persoas menores de idade asociadas á Rede Equo Xove pasarán a ser persoas afiliadas ao partido EQUO cando alcancen a maioría de idade, adquirindo os mesmos dereitos e deberes recollidos nestes Estatutos.

2. Rede Equo Mulleres: a participación activa das mulleres dentro de EQUO GALICIA segue a ter unha proporción real baixa. EQUO GALICIA, na súa condición de garante dos principios de igualdade efectiva entre mulleres e homes, e de conformidade coa Lei Orgánica de Igualdade de 2007 e dos principios do Partido Verde Europeo, cumprirá co precepto de acción positiva facilitando as iniciativas que existan para a creación dunha Rede Equo Mulleres, como entorno autorganizado vinculado a EQUO GALICIA, que promoverá a afirmación, o intercambio de comunicación, a suma de sinerxías e a solidariedade entre mulleres e servirá como espazo de diálogo e movemento feminista. Terá os seus estatutos e regulamentos propios, que se axustarán aos principios políticos e organizativos dos Estatutos Federais e dos presentes Estatutos.

Artigo 15. Partidos e organizacións asociadas

1. Os partidos de carácter nacional, comarcal ou local asociados a EQUO deberán acordar con EQUO GALICIA a fórmula de cooperación electoral (coalición ou outras) baixo a que se presentan en Galicia ao proceso electoral e as fórmulas de visibilidade. Ditos acordos serán tramitados ante a Mesa Nacional, que decidirá de forma motivada, nun prazo máximo de tres meses e previa consulta ás asembleas

locais de EQUO GALICIA que se poidan ver afectadas. A asociación a EQUO realizarase mediante un protocolo de adhesión asinado polos representantes legais, que se elevará a público e se depositará no Rexistro de Partidos Políticos.

CAPÍTULO TERCEIRO. SOBRE A ORGANIZACIÓN NACIONAL

Artigo 16. Principio de federalismo e competencias

1. O proxecto político e organizativo de EQUO GALICIA, dentro de EQUO, é federal e respectuoso coa diversidade de Galicia.
2. O federalismo expresase no desenvolvemento do seguinte principio competencial:
 - a) Competencias de EQUO GALICIA:
 - i. Acordar as liñas xerais que definen a estratexia política no ámbito nacional.
 - ii. Establecer o calendario de elaboración das listas electorais ás eleccións galegas, a súa admisión a trámite e ratificación, que será automática agás cando se aprecie causa de incompatibilidade co establecido nestes Estatutos e nos seus anexos.
 - iii. Elaborar o programa electoral para as eleccións galegas.
 - iv. Establecer a política de alianzas pre e postelectorais con outras formacións políticas ao Parlamento galego buscando o consenso das organizacións territoriais afectadas.
 - v. Xestionar as relacións con EQUO Federal, así como coas demais organizacións federadas en EQUO e, en particular, co Partido Verde Europeo, nas cuestións que afecten a EQUO Galicia.
 - b) Competencias das organizacións territoriais:
 - i. Elaborar as políticas para os seus territorios no marco competencial.
 - ii. Establecer os criterios organizativos das organizacións territoriais.
 - iii. Establecer a política de alianzas pre e postelectorais con outras formacións políticas no seu territorio.
 - iv. Elaborar os programas e as candidaturas no territorio correspondente.
3. EQUO organizarase e coordinarase a nivel nacional mediante os seguintes órganos: Asemblea Nacional, Mesa Nacional e Comisión Executiva Nacional.
4. Para a representación de EQUO GALICIA ante a sociedade defínese a figura dos Coportavoces Nacionais, que serán dúas persoas en paridade de xénero.
5. Así mesmo, existirán dous órganos de control democrático: a Comisión de Transparencia e Respeto; e a Comisión de Control Financeiro e Administrativo.
6. Para facilitar a organización administrativa e funcional, poderán existir distintas áreas funcionais entre as que se citan sen carácter limitativo as seguintes: Comunicación, Administración, Coordinación Territorial, Loxística, Mobilización ou Formación.

Artigo 17. A Asemblea Nacional

1. A Asemblea Nacional está formada polas persoas afiliadas e simpatizantes de EQUO GALICIA.
2. A Asemblea Nacional é o órgano supremo e decisorio de EQUO GALICIA. As súas decisións vinculan a todas as organizacións de EQUO GALICIA.
3. Todos os membros quedarán suxeitos aos acordos da Asemblea Nacional, sen prexuízo do dereito de impugnación pola vía legal competente que corresponda.
4. A Asemblea Nacional rexerese por un regulamento propio que definirá o seu modelo participativo e será revisado cando menos dous meses antes de cada Asemblea Nacional a proposta da Mesa Nacional. As propostas de modificación do regulamento da Asemblea Nacional serán sometidas a un proceso participativo de deliberación e recepción de emendas e achegas.
5. O regulamento da Asemblea Nacional e as súas modificacións serán sometidas á ratificación do conxunto das persoas afiliadas a EQUO GALICIA.
6. A Asemblea Nacional reunirse de xeito ordinario cando menos unha vez cada seis meses e será convocada pola Mesa Nacional.
7. De forma extraordinaria, poderá convocarse a Asemblea Nacional antes de que pasen os seis meses desde a súa última reunión, en calquera dos seguintes casos:
 - a) Por decisión da propia Asemblea Nacional.
 - b) A proposta de calquera dos membros da Mesa Nacional, de ser aprobada dita proposta por cando menos dous terzos dos votos de dito órgano.
 - c) Por solicitude de cando menos o 25% das persoas afiliadas a EQUO GALICIA, sempre que pertencen a non menos da terceira parte das organizacións territoriais.
 - d) Por solicitude das mesas de coordinación de cando menos a terceira parte das organizacións comarcais constituídas.
8. En calquera destes casos, a Mesa Nacional dará curso á correspondente convocatoria. Unha vez aprobada a celebración dunha Asemblea Extraordinaria, a Mesa Nacional, por maioría de dous terzos, poderá incluír na súa orde do día outras cuestións relativas ás competencias da Asemblea Nacional, sempre que se xustifique por razóns de conveniencia e/ou urxencia.
9. A Asemblea Nacional elixirá dúas persoas que actuarán como Presidencia que modere os debates plenarios e como Secretaría de Actas da Asemblea.
10. Son competencias da Asemblea Nacional:
 - a) Aprobar o programa político a nivel galego.
 - b) Establecer a estratexia, a liña política organizativa y de alianzas no ámbito nacional.
 - c) Elixir os seguintes órganos e cargos nacionais por sufraxio igual, libre, directo e secreto de todas as persoas afiliadas:
 - i. A Comisión Executiva Nacional.

- ii. A Comisión de Transparencia e Respecto.
- iii. A Comisión de Control Financeiro e Administrativo.

Artigo 18. Congresos e conferencias políticas

1. No período entre a celebración dunha reunión ordinaria da Asemblea Nacional e a seguinte, dito órgano poderá celebrar reunións noutros dous formatos: congresos nacionais e conferencias políticas.
2. Estas reunións serán convocadas pola Mesa Nacional cando se cumpra calquera dos requisitos detallados no artigo 17.7 para a convocatoria de asembleas extraordinarias.
3. A proposta de convocatoria do congreso ou da conferencia política deberá definir claramente o obxecto para o que se celebrarán. Os congresos nacionais poderán convocarse cun ou máis dos obxectivos que se detallan a continuación, entendidos en todo caso como inherentes ao desenvolvemento dalgunhas das competencias propias da Asemblea Nacional:
 - a) Debater e aprobar o programa electoral para concorrer ás eleccións galegas e municipais, de conformidade co programa político a nivel nacional aprobado por parte da Asemblea Nacional nas súas reunións ordinarias.
 - b) Revisar e modificar (para a súa adecuación ás novas circunstancias e/ou para a celebración e/ou o resultado de procesos electorais) a estratexia e a liña política organizativa e de alianzas en Galicia decididas previamente pola Asemblea Nacional nas súas reunións ordinarias.
 - c) Tomar decisións inaprazables referentes ao desenvolvemento territorial de EQUO GALICIA.
4. Unha vez aprobada a celebración dun congreso, a Mesa Nacional, por maioría de dous terzos, poderá incluír na súa orde do día outras cuestións relativas ás competencias da Asemblea Nacional, sempre que se xustifique por razóns de conveniencia e/ou urxencia.
5. As conferencias políticas terán como obxectivo, no marco do programa político aprobado pola Asemblea Nacional nas súas reunións ordinarias, afondar, revisar dito programa político a nivel nacional e no seu caso modificalo para a súa adecuación a novas circunstancias e para o desenvolvemento de dito programa no referente a determinados sectores ou temáticas. Serán a Asemblea Nacional e os congresos, e non as conferencias políticas, as que concreten o programa político en forma de programas electorais de ámbito nacional.
6. A participación nos congresos e conferencias políticas regularase mediante un regulamento aprobado pola Mesa Nacional en cada caso, de xeito que se garanta a participación de todas as persoas afiliadas desde o proceso de propostas e deliberación ata a toma de decisións das cuestións a tratar.

Artigo 19. A Mesa Nacional

1. A Mesa Nacional é o órgano de coordinación e representación territorial de EQUO GALICIA entre asembleas. Reúnese como mínimo

- cada tres meses e o seu funcionamento interno rexerese polo seu propio regulamento, ou no seu defecto polo regulamento dos órganos federais.
2. A Mesa Nacional estará composta por representantes das organizacións comarcais elixidas mediante sufraxio universal nas propias organizacións territoriais e segundo os criterios de paridade de xénero e de representación proporcional ao número de persoas asociadas a cada organización, e polos membros da Comisión Executiva Nacional. Ningunha delegación poderá ter menos de dous votos, nin dispoñer dun número de votos superior a un quinto do total de votos que ostente o conxunto dos membros da Mesa Nacional. O número de membros de cada delegación será establecido pola Asemblea Nacional á vista do censo de persoas afiliadas ao partido. Os membros da Comisión Executiva Nacional non terán voto na Mesa Nacional no referente á supervisión que da propia Comisión Executiva Nacional debe realizar a Mesa.
 3. No caso das redes transversais, no momento de aprobarse a súa formalización mediante o proceso descrito nestes Estatutos e na normativa de aplicación, establecerase o tipo de presenza que terán na Mesa Nacional.
 4. Os membros da Mesa Nacional elixirán entre eles a súa Presidencia e a súa Secretaría, que terán ao seu cargo as actividades de funcionamento da Mesa no que se refire á convocatoria das súas reunións, ao rexistro de altas e baixas dos seus membros, á administración das súas ferramentas tecnolóxicas, á elaboración das ordes do día, á elaboración de actas e á xestión das votacións entre os seus membros.
 5. Son competencias da Mesa Nacional:
 - a) Convocar a Asemblea Nacional e coordinar o proceso participativo previo.
 - b) Aprobar o proxecto de orzamento e as contas provisionais do exercicio anual anterior de EQUO GALICIA.
 - c) Supervisar o labor da Comisión Executiva Nacional mediante a aprobación de informes de xestión semestrais.
 - d) Coordinar o proceso de elaboración e deliberación política por parte dos grupos de traballo temáticos.
 - e) Coñecer o labor e os informes da Comisión de Transparencia e Respecto e da Comisión de Control Financeiro e Administrativo.
 - f) Aprobar a admisión de novos partidos asociados.
 - g) Propoñer e aprobar provisionalmente os regulamentos de réxime interno para a súa posta en marcha e posterior ratificación definitiva na Asemblea Nacional.
 - h) Aprobar por maioría cualificada os acordos electorais con partidos non asociados.
 - i) Elaborar un Plan de Traballo anual coa participación da Equomunidade.
 - j) Facer propostas ante a Asemblea Nacional e tramitar as propostas dos órganos territoriais e dos afiliados.

- k) Tutelar a creación de Asembleas e mesas comarcais e locais , así como de grupos locais de apoio.
- 6. Os seus membros poderán ser obxecto de revogación por iniciativa dunha petición motivada de cando menos un 30% das persoas afiliadas do territorio ou da estrutura de EQUO GALICIA á que representen na Mesa Nacional. A mesa territorial correspondente tramitará, nun prazo máximo de quince días, a iniciativa de revogación mediante un proceso de ratificación ou cese mediante sufraxio universal e secreto entre as persoas afiliadas do territorio ou da estrutura correspondente. Quedarán revogados os membros que, tras realizarse o proceso descrito, reciban unha maioría simple de votos a favor do seu cese. No caso de que unha iniciativa de revogación que contase cos apoios e a motivación antes descritos non fose tramitada pola mesa territorial correspondente, será a Comisión de Transparencia e Respecto a que a tramite, sen menoscabo da posible apertura dun expediente a dito órgano territorial.
- 7. Cada territorio, organización ou partido federado determinará o mecanismo de elección para a substitución dos seus representantes na Mesa Nacional en caso de baixa.
- 8. Os membros da Comisión Executiva Nacional non poderán ser obxecto de revogación en tanto que membros da Mesa Nacional.

Artigo 20. A Comisión Executiva Nacional

- 1. A Comisión Executiva Nacional é o órgano permanente de coordinación política de EQUO GALICIA. O seu funcionamento rexeráse mediante o Regulamento de órganos nacionais (Anexo V).
- 2. As persoas afiliadas a EQUO GALICIA elixirán mediante sufraxio universal, igual, libre, directo e secreto á Comisión Executiva Nacional, que estará composta por entre seis e dez persoas afiliadas en paridade de xénero. O método de elección será o de Voto Único Transferible, sistema de voto baseado na representación proporcional e o voto preferente.
- 3. As dúas persoas en paridade de xénero máis votadas na Asemblea Nacional serán nomeadas coportavoces, salvo renuncia expresa.
- 4. Así mesmo, nomearán entre elas unha persoa encargada da Tesourería, unha persoa encargada de Comunicación e Prensa, e unha persoa encargada da Secretaría, que redactará a orde do día e as actas das xuntanzas.
- 5. O mandato dos membros da Comisión Executiva Nacional será de dous anos.
- 6. Son competencias da Comisión Executiva Nacional:
 - a) Coordinar o traballo político de EQUO GALICIA.
 - b) Organizar e convocar as reunións da Mesa Nacional.
 - c) Apoiar e favorecer o labor dos grupos e comisións de traballo das áreas funcionais.
 - d) Apoiar e favorecer o labor dos Coportavoces Nacionais.

- e) Supervisar e controlar as contas de EQUO GALICIA.
 - f) Presentar un balance, cando menos anual, do desenvolvemento do Plan de Traballo á Mesa Nacional.
7. Os membros da Comisión Executiva Nacional poderán ser obxecto de revogación por iniciativa dunha petición motivada de cando menos un 30% das persoas afiliadas do conxunto de EQUO GALICIA. A Comisión de Transparencia e Respecto tramitará a iniciativa de revogación e someterá a proceso de ratificación ou cese ao membro suxeito a este proceso, mediante sufraxio universal e secreto entre o conxunto das persoas afiliadas. Quedarán revogados os membros que, tras realizarse o proceso descrito, reciban unha maioría simple de votos a favor do seu cese. Os membros que reciban unha maioría simple de votos a favor da súa ratificación permanecerán no seu posto.
8. As baixas (por calquera motivo) da Comisión Executiva Nacional darán lugar á posta en práctica do previsto no Regulamento dos órganos nacionais (Anexo V), agás no caso de que cause baixa máis da metade dos seus membros, en cuxo caso será a Comisión de Transparencia e Respecto a que tramite a convocatoria e supervisión do mecanismo de elección para a substitución daqueles membros que cesaran, con independencia da causa.

Artigo 21. Coportavoces Nacionais e Tesoureiro

1. Son competencias dos Coportavoces Nacionais:
 - a) Representar a EQUO GALICIA na vida pública e política.
 - b) Ostentar a representación legal de EQUO GALICIA ante as autoridades e ante todo tipo de organismos públicos e privados.
 - c) Coordinar a execución das decisións políticas e organizativas acordadas pola Comisión Executiva Nacional e pola Mesa Nacional.
 - d) Coordinar a política institucional de EQUO GALICIA.
2. Son competencias do Tesoureiro:
 - a) Presidir a Unidade Económica e Administrativa.
 - b) Levar a xestión financeira e de censos de EQUO GALICIA no período entre reunións da Comisión de Control Financeiro e Administrativo,
3. Os Coportavoces Nacionais e o Tesoureiro poderán ser obxecto de revogación polo mesmo procedemento descrito para os membros da Comisión Executiva Nacional.
4. No caso de baixa ou dimisión (por calquera motivo) dalgún dos Coportavoces ou do Tesoureiro, aplicarase o previsto no Regulamento dos órganos nacionais (Anexo V). Se no prazo en que se realiza substitución do cargo cesante nos termos previstos en dito regulamento fose necesario, a Comisión Executiva Nacional elixirá un Coportavoz ou un Tesoureiro interino de entre os seus membros.

Artigo 22. Remuneración dos cargos nacionais

1. A Mesa Nacional, despois de considerar as dispoñibilidades orzamentarias, poderá acordar a remuneración por medio de contrato laboral das persoas que ocupen determinados cargos que requiran unha especial dedicación para o bo funcionamento dos órganos nacionais.
2. Deberase xustificar mediante motivación clara, razoada e suficiente a necesidade de proceder con dita contratación e presentar unha proposta de salario bruto anual. A persoa ou persoas propostas non terán dereito de voto neste procedemento. A proposta de contratación deberá ser aprobada por maioría cualificada de dous terzos (2/3) do órgano correspondente mediante votación secreta e ratificada por maioría cualificada da Asemblea Nacional.
3. Aos membros da Comisión Executiva Nacional e da Mesa Nacional que, sen ser contratados por EQUO GALICIA, necesiten dedicar parte do seu tempo de forma especialmente intensa á responsabilidade derivada do seu cargo, reintegraráselle todos os gastos ligados a esta responsabilidade, así como as dietas, gastos de transporte e aloxamento derivados dos seus desprazamentos no exercicio do seu cargo.

Artigo 23. Contratación de persoal laboral

1. Con independencia dos cargos remunerados que acorde a Mesa Nacional, EQUO GALICIA poderá contratar o persoal laboral que considere necesario para a realización de tarefas técnicas e administrativas dentro das dispoñibilidades orzamentarias aprobadas polos órganos correspondentes.
2. As contratacións de persoal laboral realizaranse atendendo a criterios de publicidade, transparencia, competencia e igualdade de oportunidades, que se regularán regulamentariamente.
3. A proposta de contratación deberá ser aprobada por maioría cualificada de dous terzos (2/3) do órgano correspondente mediante votación secreta e ratificada por maioría cualificada da Asemblea Nacional.

CAPITULO CUARTO. SOBRE A ORGANIZACIÓN TERRITORIAL

Artigo 24. Estrutura territorial

1. A organización territorial propia de Galicia é a comarca e, en consecuencia, as entidades de referencia en EQUO GALICIA serán as comarcas.
2. A Mesa Nacional elaborará unha proposta de división comarcal para EQUO GALICIA. A decisión de como terán que agruparse as comarcas realizarase tendo en conta a realidade da zona e a distribución de persoas afiliadas e simpatizantes de EQUO en Galicia.
3. Así, os niveis de organización territorial de EQUO GALICIA son local e comarcal, e cada organización EQUO será autónoma e soberana para tomar as súas decisións políticas e organizativas no ámbito das súas competencias, sempre respectando estes Estatutos e os acordos que emanen dos órganos nacionais.
4. Por tanto, está prevista a creación en cada unha das comarcas establecidas dunha organización territorial á que se adscribirán todas as persoas afiliadas residentes nos municipios de dita comarca.
5. Cada organización territorial de EQUO GALICIA terá a capacidade de elixir a súa denominación e modo de organización interna e de levar a iniciativa no que se refire á política comarcal ou local, sendo as súas funcións principais acordar o programa electoral e elixir os candidatos aos comicios do ámbito territorial correspondente.

Artigo 25. Organizacións territoriais

1. As Asembleas territoriais, comarcais ou locais, constitúense por parte das persoas afiliadas e simpatizantes residentes no ámbito correspondente, requiríndose un mínimo de dez membros dos cales cando menos cinco deben ser persoas afiliadas para a súa constitución formal. Nos municipios con menos de 5000 habitantes, o mínimo de membros necesarios para constituír unha Asemblea Local será de cinco, dos cales tres cando menos serán persoas afiliadas.
2. As Asembleas territoriais son autónomas e soberanas en canto á elección dos seus representantes e á elaboración de comunicados e propostas políticas no seu ámbito territorial, desenvolvemento de actividades e campañas, adhesión a plataformas e redes locais, etc., sempre no marco do programa político de EQUO GALICIA, dos presentes estatutos, da Carta constituinte de EQUO e dos acordos aprobados polos órganos nacionais e federais e pola Asemblea e Mesa Nacional, de forma que se preserve a coherencia política da organización.
3. As Asembleas territoriais rexeranse por regulamentos propios ou, no seu defecto, polos da asemblea territorial de ámbito inmediato

- superior ou polo regulamento da Asemblea Nacional. A elaboración do Regulamento de cada Asemblea territorial, ou a modificación do mesmo no seu caso, será efectuada mediante un proceso de deliberación e aprobación aberto á participación de todas as persoas afiliadas a EQUO GALICIA e simpatizantes rexistrados nese ámbito local.
4. As Asembleas locais poderán acordar alianzas e coalicións con outras forzas políticas para as eleccións de ámbito municipal informando aos órganos de coordinación de EQUO GALICIA.
 5. As organizacións territoriais de EQUO GALICIA deben garantir a existencia de canles de participación no ámbito local para a proposta, a deliberación e a toma de decisións relacionadas tanto con cuestións locais como nacionais ou federais.
 6. As organizacións de carácter local asociadas a EQUO GALICIA estarán suxeitas aos acordos previstos nos protocolos de adhesión subscritos entre EQUO GALICIA e ditas organizacións (artigo 16).

Artigo 26. Mesas territoriais

1. Cando unha asemblea territorial teña 10 ou máis membros, poderá constituír unha Mesa territorial de catro a dez persoas afiliadas. Esta mesa, elixida de forma paritaria e mediante sufraxio universal entre todos as persoas afiliadas no territorio, coordinará as actividades locais ou comarcais de EQUO GALICIA.
2. Dous dos membros, e de forma paritaria, actuarán como coportavoces da Mesa. Nomearase unha persoa encargada da Tesourería, unha persoa encargada de Comunicación e Prensa, que se coordinará cos responsables de comunicación a nivel autonómico, e unha persoa encargada da Secretaría, que redactará a orde do día e as actas das xuntanzas.
3. Deberán contar con un Plan de Traballo de carácter anual e o órgano de coordinación do que se doten deberá presentar un balance, cando menos anual, de seu desenvolvemento.
4. As asembleas territoriais asumirán as funcións de mesa territorial mentres esta non se poda constituír formalmente.

Artigo 27. Grupos Locais de Apoio

1. Cando non exista a cantidade mínima de persoas afiliadas e simpatizantes para organizar unha Asemblea Local (en xeral dez, cando menos cinco persoas afiliadas, e cinco, das cales tres cando menos serán persoas afiliadas no caso de municipios con menos de 5.000 habitantes), poderase constituír un Grupo Local de Apoio a EQUO GALICIA (GLA).
2. Estes Grupos Locais de Apoio deberán contar cun mínimo de cinco persoas e cando menos un portavoz que asumirá a función de enlace

coa Mesa de Coordinación Comarcal e coa Mesa Nacional. O portavoz deberá estar afiliado ao partido.

3. Os Grupos Locais de Apoio terán que ser aprobados pola Mesa de Coordinación territorial correspondente ou pola Mesa Nacional, no caso de que a anterior non exista.

CAPÍTULO QUINTO. PARTICIPACIÓN E TRANSPARENCIA

Artigo 28. Participación

1. EQUO GALICIA fomentará a máxima participación das persoas afiliadas e simpatizantes no ámbito local e comarcal.
2. No período entre asembleas nacionais as cuestións de especial transcendencia que afecten ao ámbito competencial nacional e que polo seu carácter non poidan remitirse á seguinte Asemblea Nacional serán sometidas á consulta vinculante de todas as persoas afiliadas. A Mesa Nacional será o órgano responsable de determinar que cuestións cumpren estas condicións e, no seu caso, de convocar ditas consultas. Mediante solicitude motivada de cando menos un 20% das persoas afiliadas ou dun conxunto de organizacións territoriais autonómicas representativas dun 15% do total de persoas afiliadas, poderase pedir á Mesa Nacional a convocatoria dunha consulta vinculante sobre calquera cuestión referente ao desenvolvemento orgánico, local ou comarcal, ou político de EQUO GALICIA. A Mesa Nacional deberá dar trámite e convocar dita consulta sempre que a solicitude cumpra cos requisitos antes sinalados, non podendo rexeitar a solicitude por entender que a motivación é insuficiente.

Artigo 29. Os Grupos de Traballo temáticos

1. Os Grupos de Traballo temáticos confórmanse como espazos de participación para o coñecemento, o debate e a proposta política en torno a temas prioritarios para EQUO GALICIA. A súa misión é compartir o coñecemento e contribuír á elaboración continuada das políticas do proxecto no seu ámbito temático, dentro do marco ideolóxico fixado nestes Estatutos e na Carta Constituínte de EQUO. Os Grupos de Traballo temáticos trasladan ao conxunto de EQUO GALICIA, para a súa consideración e, no seu caso, aprobación, propostas para converterse en políticas da organización.

Artigo 30. Transparencia

1. O acceso á información relativa á organización e á súa acción política é un dereito básico das persoas afiliadas a EQUO GALICIA do que son garantes os órganos nacionais e os cargos do partido. O conxunto de EQUO GALICIA debe garantir que o acceso á información se materialice axilmente, dentro das limitacións de medios humanos e técnicos que existan.
2. As persoas afiliadas poderán solicitar acceso á información xerada polos distintos órganos de EQUO GALICIA, sen necesidade de explicar ou xustificar os motivos polos que se solicita, bastando con que a súa solicitude conteña os datos da persoa afiliada, a expresión concreta e precisa do que se pide e o órgano do que precisa os datos ou a información que se solicita. Os órganos receptores dunha solicitude deste tipo deberán dar unha resposta áxil nun prazo máximo de 15 días hábiles contados desde o rexistro da solicitude.
3. Os distintos órganos de EQUO GALICIA deberán designar a unha ou máis persoas como responsables de información, que serán as que reciban e xestionen as solicitudes e axuden de maneira efectiva ás persoas afiliadas solicitantes, ademais de habilitar e facer públicas as canles axeitadas para elo (unha conta de correo directa, un subforo ou Grupo de Traballo, etc.). Crearase un directorio público e de doada consulta no que figuren os responsables desta comunicación en cada órgano, así como a vía de contacto habilitada a tal efecto.
4. A Unidade Económica e Administrativa publicará con carácter trimestral o censo de persoas afiliadas e simpatizantes indicando o seu número total e a análise por territorios no marco e coas limitacións previstas na Lei de Protección de Datos.
5. En especial, todos os órganos nacionais e territoriais de EQUO GALICIA deberán garantir a transparencia mediante a publicación de actas de cada reunión, nas que se recollan o lugar e a data da reunión, os asistentes, a orde do día, a descrición sucinta dos debates habidos e a relación de acordos adoptados, así como os votos particulares, de haberlos. Ditas actas estarán a disposición da afiliación nun prazo máximo dun mes desde a celebración da sesión. Ademais, estableceranse mecanismos periódicos de rendición de contas para que as persoas con responsabilidades políticas podan compartir de xeito transparente o traballo desempeñado e para que este poida ser avaliado.
6. A Comisión de Transparencia e Respecto axudará aos distintos órganos e cargos de EQUO GALICIA a pór á disposición do conxunto da organización a información básica e esencial; así mesmos velará pola garantía deste dereito auxiliando ás persoas afiliadas nas súas solicitudes de información.
7. Os incumprimentos destas obrigas poderán ser notificadas á Comisión de Transparencia e Respecto de EQUO GALICIA, que decidirá sobre a reclamación nun prazo non superior a 15 días naturais.
8. As limitacións ao dereito de acceso á información ás persoas afiliadas deben ser sempre excepcionais e xurdir da necesidade de compatibilizar a transparencia coa protección de datos e os intereses

particulares. Estas limitacións responderán aos seguintes principios fundamentais:

- a) Datos persoais e familiares que podan afectar á intimidade en virtude da lexislación sobre protección de datos e sobre o dereito á honra e á intimidade, así como calquera outra lexislación que sexa de aplicación.
- b) Procedementos disciplinarios durante determinadas fases da súa tramitación.
- c) Seguridade do patrimonio de EQUO GALICIA.
- d) De xeito excepcional e debidamente motivado, aspectos relativos á estratexia nos procesos electorais e de relación con outras organizacións políticas.

Artigo 31. Transparencia económica

1. EQUO GALICIA funcionará con criterios de transparencia económica e rendemento de contas, que serán públicas. A información económica de EQUO GALICIA debe ser transparente, procurando a accesibilidade e a difusión.
2. Consonte ao compromiso co exercicio da transparencia, no referente á xestión económica do partido, EQUO GALICIA respectará a seguinte normativa:
 - a) EQUO GALICIA fará pública toda a información económica do partido, utilizando como mínimo as canles que as novas tecnoloxías facilitan e procurando a maior accesibilidade e difusión.
 - b) EQUO GALICIA asume por defecto que toda a súa información económica é pública e publicable, agás cando se decida o contrario, en cuxo caso será necesario xustificar dita decisión contraria á transparencia.
 - c) A información económica entregada por EQUO GALICIA, incluírá o máximo nivel de detalle posible, respectando o principio de "canto maior detalle na información, maior transparencia se consegue".
 - d) EQUO GALICIA facilitará de maneira inmediata calquera información económica derivada do seu funcionamento, tentando reducir a cero o tempo entre a acción real que provoca unha variación económica e a súa publicación, e respectando o principio de "canta máis continuidade na entrega de información, máis nivel de transparencia se consegue".
 - e) EQUO GALICIA entregará a súa información económica en formatos accesibles, co obxecto de facilitar a tarefa de fiscalización pública e reutilización desta información.
3. Co fin de respectar a lexislación vixente no relativo á protección de datos de carácter persoal, EQUO GALICIA disociará ditos datos de carácter persoal, só nos casos de persoas físicas, sempre que estas non actúen como personalidades xurídicas na súa relación con EQUO GALICIA.
4. Co obxecto de cumprir con todas as normas antes mencionadas, e para optimizar todos os esforzos que estes xeran, os sistemas de xestión económica que utilice EQUO GALICIA permitirán cunha soa interacción, modificar a información económica e facela pública de forma automatizada.

CAPÍTULO SEXTO.

SOBRE OS MECANISMOS DE CONTROL

Artigo 32. A Comisión de Transparencia e Respecto

1. A Comisión de Transparencia e Respecto estará composta por tres membros titulares e dous suplentes, elixidos na Asemblea Nacional e ata a celebración da seguinte Asemblea Nacional, e en todo caso cun mandato non superior aos dous anos.
2. A Comisión de Transparencia e Respecto ten como funcións:
 - a) Aplicar as disposicións contidas no capítulo sétimo dos Estatutos (sobre a convivencia e a resolución de conflitos).
 - b) Intervir en cantas reclamacións lle presenten as persoas afiliadas sobre a violación dos principios xerais de funcionamento e dereitos dos socios recoñecidos nos Estatutos. Isto provocará, no seu caso, as oportunas esixencias de responsabilidade diante dos órganos e cargos nacionais.
 - c) Garantir o dereito á información interna das persoas afiliadas a EQUO GALICIA e velar polo cumprimento do documento "Compromiso de EQUO GALICIA coa Transparencia Financeira" (Anexo VI).
 - d) Participar nos procesos de revogación e reelección de membros dos órganos e cargos nacionais, como se describe nos artigos 20 e 21 destes Estatutos.
3. A Comisión de Transparencia e Respecto rexerese por criterios de ecuanimidade, rectitude, desinterese e neutralidade.
4. A Comisión de Transparencia e Respecto terá acceso a todas as actas, documentos, rexistros e contas do partido. Así mesmo poderá solicitar calquera tipo de información contable ou administrativa que considere necesaria para desenvolver o seu traballo en calquera ámbito nacional. De igual xeito, a Comisión de Transparencia e Respecto poderá establecer criterios mínimos de acceso á información que xere cada un dos órganos e cargos de EQUO GALICIA.
5. Os membros electos manterán os seus cargos ata a seguinte Asemblea Nacional, na que se procederá á súa renovación e na que presentarán un balance da súa actuación durante ese mandato. Anualmente, elaborará un informe sobre as súas actividades, que presentará ante a Mesa Nacional.
6. De se producir, por calquera motivo, a baixa dalgún membro titular da Comisión de Transparencia e Respecto, ocupará automaticamente a vacante temporal ou definitiva un dos membros suplentes. Se a vacante fose definitiva, o membro suplente pasará a ser titular.
7. No caso de que a Comisión de Transparencia e Respecto chegara a ter menos de cinco membros titulares, as vacantes que por calquera circunstancia se poidan producir entre asembleas poderán ser cubertas con carácter provisional mediante elección pola Mesa Nacional.

8. A Comisión de Transparencia e Respecto nomeará entre os seus membros un Presidente, un Secretario e tres Vogais.
9. Os membros da Comisión de Transparencia e Respecto deberán inhibirse nos procedementos nos que concorra calquera das seguintes circunstancias:
 - a) Ter interese persoal no asunto de que se trate.
 - b) Ter unha cuestión litixiosa pendente con algunha das persoas involucradas no procedemento.
 - c) Ter parentesco de ata terceiro grado (pais, fillos, irmás, cónxuxes, avós, tíos, sobriños, curmáns e os seus cónxuxes) con calquera das persoas involucradas ou que interveñan directamente no procedemento.
 - d) Ter amizade íntima ou inimidade manifesta con calquera das persoas involucradas ou que interveñan directamente no procedemento.
10. Os membros da Comisión de Transparencia e Respecto non poderán pertencer á Mesa Nacional nin a ningunha outra Mesa territorial, e tampouco poderán ser moderadores de grupo da Equomunidade virtual.
11. A Comisión de Transparencia e Respecto rexerese polo regulamento de órganos nacionais que se adxunta como Anexo V a estes Estatutos.
12. A Comisión de Transparencia e Respecto é un órgano facultado para elaborar propostas e suxestións de carácter estatutario e normativo aos órganos e cargos nacionais do partido.
13. Os seus membros poderán ser obxecto de revogación por iniciativa dunha petición motivada por cando menos un 30% das persoas afiliadas do conxunto de EQUO GALICIA. A Comisión Executiva Nacional tramitará a iniciativa de revogación e realizará un proceso de ratificación ou cese mediante sufraxio universal e secreto entre o conxunto das persoas afiliadas. Quedarán revogados os membros que reciban unha maioría simple de votos a favor do seu cese. Os membros que reciban unha maioría simple de votos a favor ou tantos votos a favor como en contra da súa ratificación permanecerán no seu posto.
14. A Mesa Nacional exercerá as funcións de convocatoria e supervisión do mecanismo de elección para a substitución de aqueles membros da Comisión de Transparencia e Respecto que cesasen por causa da súa revogación, baixa ou suspensión disciplinaria.
15. No seu defecto, as funcións da Comisión de Transparencia e Respecto de Galicia serán asumidas pola Comisión de Transparencia e Respecto Federal.

Artigo 33. A Comisión de Control Financeiro e Administrativo

1. A Comisión de Control Financeiro e Administrativo ten como función controlar o funcionamento da área financeira e administrativa de EQUO GALICIA, así como da Unidade Económica e Administrativa.

2. A Comisión de Control Financeiro e Administrativo terá dereito a auditar todas as contas do partido no ámbito nacional, así como a solicitar calquera tipo de información contable ou administrativa que considere necesaria para desenvolver o seu labor en calquera ámbito. De igual xeito, a Comisión de Control Financeiro e Administrativo poderá establecer criterios mínimos sobre os que terán que pronunciarse as auditorías ás que se someta o partido, con independencia dos que sexan obrigados por imperativo legal ou polas normas profesionais de auditoría. Tamén revisará os estados das contas e a súa adecuación ás normas contables aprobadas no seu momento, e controlará o censo de afiliados e simpatizantes.
3. Coordinará a súa actuación coa Comisión de Transparencia e Respecto se, como consecuencia dalgún procedemento aberto na organización, fose necesaria a actuación de ambas, preservando cada un destes órganos o seu ámbito competencial.
4. A Comisión de Control Financeiro e Administrativo estará composta por tres membros titulares e dous suplentes, que serán elixidos na Asemblea Nacional e ata a celebración da seguinte Asemblea Nacional, e en todo caso cun mandato non superior aos dous anos. Os membros electos manterán os seus cargos ata que se proceda á súa renovación, na que presentarán un balance da súa actuación durante ese mandato. Anualmente elaborará un informe sobre as súas actividades, que presentará ante a Mesa Nacional. Os membros deste órgano non poderán exercer como tales durante máis de dous mandatos consecutivos.
5. De se producir, por calquera motivo, a baixa dalgún membro titular da Comisión de Control Financeiro e Administrativo, ocupará automaticamente a vacante temporal ou definitiva un dos membros suplentes. Se a vacante fose definitiva, o membro suplente pasará a ser titular.
6. No caso de que a Comisión de Control Financeiro e Administrativo chegara a ter menos de tres membros titulares, as vacantes que por calquera circunstancia se poidan producir entre asembleas poderán ser cubertas con carácter provisional mediante elección pola Mesa Nacional.
7. A Comisión de Control Financeiro e Administrativo rexerese por un regulamento propio ou, no seu defecto, polo regulamento do órgano federal homólogo.
8. Os seus membros poderán ser obxecto de revogación por iniciativa dunha petición motivada por cando menos un 30% das persoas afiliadas do conxunto de EQUO GALICIA. A Comisión Executiva Nacional tramitará a iniciativa de revogación e realizará un proceso de ratificación ou cese mediante sufraxio universal e secreto entre o conxunto das persoas afiliadas. Quedarán revogados os membros que reciban unha maioría simple de votos a favor do seu cese. Os membros que reciban unha maioría simple de votos a favor ou tantos votos a favor como en contra da súa ratificación permanecerán no seu posto.

9. No seu defecto, as funcións da Comisión de Control Financeiro e Administrativo de Galicia serán asumidas pola Comisión Control Financeiro e Administrativo Federal.

Artigo 34. Réxime xeral de incompatibilidades

1. Os cargos electos de EQUO GALICIA no Parlamento galego, concellos, deputacións, Congreso dos Deputados, Senado, Parlamento Europeo, órganos reguladores e outras institucións públicas, como consecuencia da súa pertenza a EQUO GALICIA e su elección para cargo público estarán suxeitos ao "Decálogo dos Cargos Públicos" (Anexo III).
2. Ditos cargos electos non poderán ser membros da Comisión de Transparencia e Respecto nin da Comisión de Control Financeiro e Administrativo. De ser remunerado o cargo, non poderán ter unha relación laboral nin contrato de prestación de servizos profesionais con EQUO GALICIA.
3. Establecese un máximo de dous mandatos consecutivos para os cargos electos ou institucionais. Enténdense mandatos completos aqueles cun mantemento efectivo do cargo por un período de cando menos o 60% da lexislatura ou da duración do cargo prevista pola lexislación aplicable. No caso dos cargos autonómicos, a Mesa Nacional poderá autorizar cunha maioría de cando menos dous terzos e de maneira excepcional estender esta limitación a un terceiro mandato.
4. Os membros da Comisión de Respecto e Transparencia, da Comisión de Control Financeiro e Administrativo, e da Unidade Económica e Administrativa non poderán formar parte de ningún outro órgano nacional ou territorial de EQUO GALICIA, para garantir a independencia das súas actuacións.
5. Os Coportavoces nacionais e o Tesoureiro non poden ser membros dunha mesa territorial.
6. Establécese un máximo de tres mandatos consecutivos para os membros da Mesa Nacional, da Comisión Executiva Nacional, dos Coportavoces e do Tesoureiro.

CAPÍTULO SÉTIMO. RÉXIME DISCIPLINARIO, CONVIVENCIA E RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS

Artigo 35. Convivencia: solución mediada de conflictos

1. EQUO GALICIA fomentará a resolución dialogada dos conflitos mediante o establecemento de fórmulas de mediación. Ante calquera solicitude de inicio dun proceso de tipo disciplinario, a Mesa Nacional, a proposta da Comisión de Transparencia e Respecto, deberá crear un equipo mediador, sempre que as partes en conflito aceptaran previamente someterse ao procedemento de mediación e acatar a súa decisión. Daráselle ao equipo mediador un prazo de cando menos dúas semanas desde a súa constitución para emitir un ditame, tras ter mediado entre as partes en conflito. Neste ditame propondrá unha resolución de peche do conflito que, caso de resultar satisfactoria para todas as partes, dará lugar ao arquivo da solicitude de inicio de procedemento disciplinario.
2. Esgotada a vía da negociación descrita no punto 1 deste mesmo artigo, será a Comisión de Transparencia e Respecto a que resolva o conflito mediante a aplicación da Normativa de Comportamento Ético, seguindo o procedemento que se describe nos artigos seguintes.

Artigo 36. Normativa de Comportamento Ético

1. As persoas afiliadas e os órganos de EQUO GALICIA estarán suxeitos á Normativa de Comportamento Ético que se detalla no anexo II destes Estatutos.
2. O incumprimento de dita normativa ou das obrigas contidas nestes Estatutos poderá ser motivo de sanción ás persoas e/ou estruturas correspondentes.

Artigo 37. Réxime disciplinario e sancionador de estruturas

1. As estruturas de EQUO GALICIA que incumpran os Estatutos e/ou a Normativa de Comportamento Ético anexa a estes Estatutos poderán ser sancionadas co apercibimento, a suspensión dunha determinada decisión política ou organizativa, e a disolución da estrutura. As infraccións clasificaranse como leves, graves e moi graves.
2. Considerase infracción leve, sancionable con apercibimento, a non aplicación de calquera das normas detalladas na Normativa de Comportamento Ético, a non aplicación das decisións políticas ou organizativas adoptadas na Mesa Nacional, así como o deixamento das súas funcións para garantir a información e a participación das

- persoas afiliadas e simpatizantes e para facer cumprir as normas de comportamento ético por parte de ditas persoas.
3. Considerase infracción grave, a toma dunha determinada decisión política ou organizativa cando esta se producira sen respectar as mínimas condicións democráticas esixibles de convocatoria e participación ou cando se alterara gravemente o procedemento democrático de decisión correspondente. Esta infracción será sancionable coa suspensión de dita decisión. Tamén será considerada grave e sancionable coa súa suspensión, a adopción de decisións que afecten á estrutura organizativa, á marca EQUO GALICIA ou á administración dos recursos económicos e que sexan directamente contrarias á Normativa de Comportamento Ético ou ás decisións da Mesa Nacional.
 4. Considerase infracción moi grave o incumprimento das normas económicas, a malversación de fondos ou a actuación colectiva en prácticas de corrupción, así como o non acatamento reiterado dunha ou varias sancións de suspensión dunha determinada decisión política ou organizativa. Esta infracción será sancionable coa disolución da estrutura infractora.
 5. Así mesmo, e sen que esta se considere unha infracción, poderase disolver unha estrutura no caso de dimisión de máis da metade dos seus membros e no caso de que o número de persoas afiliadas sexa inferior aos mínimos esixibles para a súa creación.
 6. No caso de disolución do organismo, a sanción deberá ser ratificada pola Mesa Nacional, que nomeará, de ser preciso, unha Comisión Técnica Xestora provisional e, no mesmo acto, convocará para o prazo máximo dun mes unha nova elección do organismo disolto.
 7. A apertura do procedemento para a sanción dunha estrutura poderá ser solicitado por dous terzos da Mesa Nacional, ou por un mínimo do 10% da afiliación. O expediente será desenvolvido, esgotadas as vías de mediación e resolución mediada de conflitos, pola Comisión de Transparencia e Respecto, que recadará información suficiente de todas as partes afectadas e no prazo dun mes ditaminará a proposta de sanción de forma motivada ou, no seu caso, o arquivo do procedemento sen proposta de sanción, tamén de forma motivada.
 8. As sancións ás persoas responsables do incumprimento das normas contempladas neste apartado seguirán, pola súa banda, o procedemento das sancións a persoas.

Artigo 38. Réxime disciplinario e sancionador para as persoas afiliadas e simpatizantes

1. As sancións ás persoas de EQUO GALICIA que incorran no incumprimento da Normativa de Comportamento Ético poden ir desde a suspensión temporal dalgúns ou de todos os seus dereitos á expulsión. As infraccións clasificaranse como leves, graves e moi graves.

2. Os dereitos que poden ser suspendidos parcialmente son os de acceso á Equomunidade virtual de Galicia, de acceso ás asembleas informativas ou decisorias de EQUO GALICIA, de voto nos procesos electivos, de presentación ou pertenza aos organismos electos de EQUO GALICIA e de presentación como candidatas nas listas de EQUO GALICIA. Esta suspensión de dereitos pode ir dos seis meses aos catro anos, dependendo da reiteración e/ou a gravidade do incumprimento.
3. O comportamento irrespectuoso, co emprego público de insultos, afirmacións inxuriosas, ameazas ou violencia verbal, é unha infracción que será clasificada como leve e sancionada coa suspensión temporal do acceso á Equomunidade virtual de Galicia e/ou ás asembleas informativas ou decisorias. O non acatamento deste tipo de sanción será constitutivo dunha infracción clasificable como grave e sancionable coa suspensión de todos os dereitos. A notoriedade ou a gravidade do dano público causado a EQUO GALICIA ou ás persoas afectadas polo emprego de insultos, ameazas ou violencia verbal pode dar lugar á clasificación da falta como grave e a suspensión de todos os dereitos entre seis meses e catro anos, dependendo da reiteración e/ou a gravidade do incumprimento.
4. O uso intencionado da marca EQUO GALICIA e das súas marcas territoriais sen autorización nos termos anteriormente mencionados será considerado falta leve e sancionado coa suspensión temporal de seis meses de acceso á Equomunidade virtual e/ou ás asembleas informativas ou decisorias. No caso de facer uso da marca para convocatorias non autorizadas e incumplir os requirimentos de non uso mencionados, a clasificación da falta será grave e a suspensión temporal poderá ser de todos os dereitos entre seis meses e catro anos, dependendo da reiteración e/ou a gravidade do incumprimento.
5. A actuación pública ou privada contraria aos principios de igualdade e non discriminación, o racismo e o maltrato físico ou verbal serán considerados faltas graves e sancionadas coa suspensión temporal de todos os dereitos entre seis meses e catro anos, dependendo da reiteración e/ou a gravidade do incumprimento.
6. A violencia física será considerada falta moi grave e sancionada coa suspensión de todos os dereitos por un período de dous a catro anos, ou coa expulsión, dependendo da natureza e gravidade da agresión.
7. O incumprimento do código de cargos electos detallado no Anexo III dará lugar a unha falta grave, que suporá a petición de dimisión do cargo e a suspensión temporal da capacidade de presentación nas listas de EQUO GALICIA.
8. As persoas imputadas en procedementos de corrupción ou por actividades contrarias ao ideario do partido non poderán presentarse nas listas electorais de EQUO GALICIA e verán suspendidos os seus dereitos como medida cautelar por ser considerada falta moi grave. De producirse unha condena, procederase á súa expulsión.

Artigo 39. Prescrición das infraccións

1. As infraccións prescriben aos dous anos as moi graves, ao ano as graves e aos seis meses as leves, desde o inicio da tramitación do expediente disciplinario.

Artigo 40. Procedemento sancionador

1. A Comisión de Transparencia e Respecto incoará expediente disciplinario a unha estrutura do partido se o solicitan:
 - a) dous terzos (2/3) dos membros da Mesa Nacional; ou
 - b) un mínimo dun terzo (1/3) das persoas afiliadas de dita estrutura, que deberán contar cunha antigüidade mínima no partido de seis meses; ou
 - c) un 10% das persoas afiliadas e/ou simpatizantes de dita estrutura.
2. A Comisión de Transparencia e Respecto incoará expediente disciplinario a unha persoa afiliada ou simpatizante se o solicitan:
 - a) dous terzos (2/3) dos membros da Mesa Nacional; ou
 - b) dous terzos (2/3) dos membros da Mesa do territorio ao que pertenza dita persoa; ou
 - c) un 10% das persoas afiliadas e/ou simpatizantes do territorio ao que pertenza dita persoa.
3. As diferentes organizacións territoriais de EQUO GALICIA poderán establecer no seu ámbito propio unha figura equivalente á Comisión de Transparencia e Respecto, cun funcionamento e unhas atribucións semellantes, sempre que estea contemplada esta posibilidade nos seus estatutos ou normas de funcionamento, en cuxo caso resolverán os conflitos relativos a persoas e estruturas do seu ámbito territorial.
4. Esgotadas as vías de mediación e resolución de conflitos mencionadas no artigo 35 destes Estatutos, a Comisión de Transparencia e Respecto nomeará un instrutor/a e un secretario/a de entre os seus membros para que instrúan o expediente disciplinario. A continuación, comunicará á persoa ou estrutura a apertura do procedemento, os motivos e os dereitos que lle asisten, así como o nome do instrutor e do secretario.
5. A Comisión de Transparencia e Respecto poderá ditar a suspensión parcial ou total de dereitos de forma cautelar a partir do momento da comunicación do procedemento cando a continuidade no exercicio deses dereitos puidese facer que o procedemento perdese a súa finalidade.
6. O instrutor/a elaborará o expediente oportuno e trasladará as súas conclusións provisionais á persoa ou estrutura, dándolles un prazo de 15 días naturais para alegar. Durante o período de instrución do expediente, nin o instrutor/a nin o secretario/a poderán discutir ningún aspecto do mesmo con terceiros.
7. Pasado dito prazo, o instrutor/a elevará as súas conclusións definitivas á Comisión de Transparencia e Respecto e propondrá o arquivo do expediente ou a sanción que considere oportuna. Nin o instrutor/a, nin o secretario/a poderán participar nas deliberacións e

- votacións da Comisión de Transparencia e Respetto para a resolución do expediente.
8. Un ou varios dos membros da Comisión de Transparencia e Respetto que non participaran na instrución do procedemento decidirán:
 - a) ratificar a proposta de sanción ou de arquivo do instrutor, sendo esta resolución de aplicación inmediata, ou ben,
 - b) devolver o expediente a instrutor/a e ao secretario/a no caso de discrepar da cualificación dos feitos e/ou da sanción proposta.
 9. Contra a resolución da Comisión de Transparencia e Respetto caberá recurso ante a Mesa Nacional, que poderá ratificar a sanción ou devolver o expediente á Comisión de Transparencia e Respetto para que revise a decisión no caso de discrepar da cualificación dos feitos e/ou da sanción proposta.
 10. No caso de que a sanción imposta sexa a máxima prevista nestas normas, caberá recurso ante a Asemblea Nacional, cuxa decisión será inapelable.
 11. Os membros da Comisión de Transparencia e Respetto poderán ser recusados por parte da persoa ou entidade obxecto do procedemento disciplinario ou absterse en calquera momento da súa tramitación, no caso de concorrer as causas detalladas no artigo 33 para a Comisión de Control Financeiro e Administrativo.
 12. O resto dos membros da Comisión de Transparencia e Respetto resolverá a recusación e/ou a abstención mediante resolución motivada, e aplicarán a solución máis conveniente para substituír aos membros recusados ou que se abstiveran e que xa non podan coñecer o procedemento. A presentación dunha recusación non interromperá o procedemento.
 13. O tempo do procedemento non será: inferior a un mes nin superior a dous no caso dunha suspensión parcial de dereitos; inferior a dous meses nin superior a catro no caso dunha suspensión total de dereitos; e inferior a tres meses nin superior a cinco no caso dunha expulsión.

CAPÍTULO OITAVO. RÉXIME ECONÓMICO E PATRIMONIAL

Artigo 41. Recursos económicos

1. EQUO GALICIA poderá adquirir, administrar e allear os bens e dereitos que resulten necesarios para o cumprimento dos seus fins. Os recursos económicos do partido están constituídos por:
 - a) As cotas das persoas afiliadas;
 - b) Os rendementos do seu propio patrimonio;
 - c) As herdanzas, legados ou doazóns que reciba de persoas físicas ou xurídicas;
 - d) Calquera outro ingreso que reciba en conformidade co disposto na Lei Orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento de partidos políticos e as súas modificacións posteriores;
 - e) As achegas das organizacións e partidos asociados que poidan derivar dos posibles acordos de adhesión ou asociación.
2. Aceptaranse doazóns de persoas físicas e xurídicas que se rexan polos criterios de responsabilidade socioambiental contrastada coa condición de que ditas doazóns sexan públicas e dentro dos límites que marca a Lei. Estas doazóns deberán ser aprobadas pola Mesa Nacional.

Artigo 42. Patrimonio

1. EQUO GALICIA carece de patrimonio fundacional.
2. Co fin de establecer un axeitado control en materia de administración do patrimonio cuxa titularidade corresponda ao partido, será requisito inescusable para a formalización de operacións de compra, venda, peñoramento ou hipoteca dos bens, o previo acordo expreso da Mesa Nacional.

Artigo 43. Rendición de contas, administración, fiscalización e control

1. A administración, fiscalización e control do réxime económico e patrimonial de EQUO GALICIA realizarase de acordo coas seguintes normas:
 - a) O exercicio económico corresponderá ao ano natural (do 1 de xaneiro ao 31 de decembro).
 - b) Os Coportavoces e o Tesoureiro nacionais presentarán anualmente un orzamento de ingresos e gastos que deberá ser aprobado pola Mesa Nacional.
 - c) As contas anuais deberán ser auditadas pola Comisión de Control Financeiro e Administrativo, que presentará o informe

correspondente ante a Mesa Nacional. Para elo, poderá contratar un servizo profesional de auditoría.

d) Unha vez auditadas, as contas anuais deberán ser aprobadas pola Mesa Nacional antes do 30 de xuño do seguinte ano e publicadas nos órganos de difusión do partido xunto ao mencionado informe da Comisión de Control Financeiro e Administrativo.

Artigo 44. Réxime documental. Obrigas contables

1. EQUO GALICIA levará, ademais do Libro de Afiliados e o Rexistro de Simpatizantes, os Libros de Actas, de Contabilidade, de Tesourería e de Inventarios e Balances, cuxo contido fixarase regulamentariamente, para permitir en todo momento coñecer a súa situación financeira.
2. EQUO GALICIA funcionará con criterios de transparencia económica e rendemento de contas, que serán públicas. A información económica de EQUO GALICIA debe ser transparente, buscando a accesibilidade e a difusión. Para elo, EQUO GALICIA fará pública toda a información económica do partido, utilizando as canles que as novas tecnoloxías proporcionan e buscando a súa maior accesibilidade e difusión. Esta información actualizarase cada seis meses.

CAPÍTULO NOVENO.

EQUO GALICIA NOS PROCESOS ELECTORAIS E NAS INSTITUCIÓN

Artigo 45. Elección de candidatos e candidatas

1. Os candidatos e candidatas a cada proceso electoral serán elixidos nun proceso de primarias por sufraxio universal de todas as persoas afiliadas e simpatizantes do ámbito territorial correspondente ás eleccións.
2. Todas as persoas afiliadas do ámbito territorial correspondente terán dereito a postularse como candidatas. Os simpatizantes poderán presentarse ás eleccións primarias como candidatos sempre que contén co aval da asemblea do grupo territorial no que se atopen adscritos.
3. Nos procesos de primarias para as eleccións autonómicas daranse por pechados os censos a efectos do dereito de sufraxio activo e pasivo cun prazo de corenta días antes da data de celebración das eleccións primarias. A Mesa Nacional será a responsable do nomeamento dun Comité Electoral para a celebración de eleccións primarias en cada circunscrición.
4. A elección de candidatos e candidatas será paritaria e intentarase seguir as recomendacións ao respecto do Partido Verde Europeo.
5. No caso das eleccións municipais serán as asembleas locais, ou no seu caso as súas mesas ou órganos de coordinación locais, as que nomeen o Comité Electoral correspondente.
6. A Mesa Nacional elaborará un regulamento de primarias que se incluírá na súa propia normativa.

Artigo 46. Elaboración de programas electorais

1. De forma previa a cada proceso electoral e segundo se trate de eleccións autonómicas ou locais, serán a Mesa Nacional ou as asembleas comarcais implicadas as que nomearán a dous coordinadores de programa en paridade de xénero para coordinar e impulsar un proceso de elaboración aberta e participativa do programa electoral. Para elo, os coordinadores contarán coa axuda dos Grupos de Traballo temáticos locais ou autonómicos para o desenvolvemento de propostas programáticas para a súa inclusión no programa electoral.
2. Os coordinadores farán un traballo de coordinación, síntese e homoxeneización das propostas que presentarán á asemblea de persoas afiliadas do seu ámbito territorial para a súa deliberación e aprobación.

Artigo 47. Comités de Campaña

1. De forma previa a cada proceso electoral, o órgano territorial correspondente nomeará a un Comité de Campaña de carácter temporal, que terá como función principal establecer a estratexia e execución do proceso de precampaña e campaña en coordinación coos candidatos e candidatas correspondentes.
2. De desexalo así, as persoas afiliadas do ámbito territorial correspondente poderán incorporarse a dito comité.

Artigo 48. Coalicións e alianzas electorais

1. Segundo se trate de eleccións autonómicas ou locais, serán a Mesa Nacional ou as asembleas comarcais implicadas as que terán a potestade de explorar posibles coalicións e alianzas electorais con outras formacións políticas ou candidatos independentes e de propoñer para a súa ratificación os acordos froito de ditas negociacións.

CAPÍTULO DÉCIMO. MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DO PARTIDO

Artigo 49. Modificación dos Estatutos

1. A reforma destes Estatutos e dos seus anexos poderá ser proposta pola Mesa Nacional, por petición motivada e avalada por un 25% das persoas afiliadas no conxunto de EQUO GALICIA ou por un terzo ou máis das mesas de coordinación comarcais.
2. Toda proposta de reforma destes Estatutos deberá conter unha proposta clara, cun texto de motivación, e unha proposta de emenda con redacción precisa do articulado que debe ser engadido, substituído ou eliminado.
3. A Mesa Nacional dará trámite a todas as propostas de reforma de Estatutos que satisfagan estes requisitos e abrirá un proceso participativo. Finalizado dito proceso, a Mesa Nacional recollerá as achegas recibidas e remitirá a proposta orixinal e a síntese das achegas á seguinte Asemblea Nacional.
4. Para a súa aprobación será necesaria unha maioría cualificada de dous terzos das persoas con dereito a voto na Asemblea Nacional cando se trate dunha reforma que afecte aos capítulos Primeiro e/ou Segundo dos Estatutos. Para o resto de capítulos ou os anexos a estes Estatutos, só será necesaria a maioría simple das persoas con dereito a voto en dita Asemblea Nacional.

Artigo 50. Regulamentos de EQUO GALICIA

1. Os regulamentos son normativas de desenvolvemento das disposicións estatutarias de EQUO GALICIA.
2. Os regulamentos deberán axustarse ao establecido nestes Estatutos. En caso de contradición ou diferenzas de interpretación nalgún aspecto terán prevalencia os Estatutos.
3. Os regulamentos deberán elaborarse e/ou modificarse de acordo cun proceso participativo de discusión aberto ao conxunto das persoas e organizacións de EQUO GALICIA. Tanto os regulamentos de nova creación como as modificacións dos xa existentes entrarán en vigor unha vez aprobados pola Mesa Nacional e ratificados por maioría simple en votación aberta a todas as persoas afiliadas (en Asemblea Nacional, congreso extraordinario ou votación electrónica).

Artigo 51. Disolución

1. EQUO GALICIA disolverase ou extinguirase por disposición legal, resolución xudicial ou por mandato da Asemblea Nacional que, con

carácter extraordinario, será convocada para tal efecto. Para iniciar o proceso de disolución requirirase unha maioría de dous terzos dos asistentes.

2. O patrimonio resultante no momento da disolución, unha vez satisfeitas as obrigas financeiras que existisen, destinarase a organizacións de defensa ambiental ou de interese social, ou a outras formacións políticas recoñecidas polo Partido Verde Europeo.

ANEXOS

ANEXO I. LOGOTIPO E SÍMBOLO

Representación gráfica do logotipo e do símbolo do partido descrito no artigo 1 dos Estatutos do partido EQUO GALICIA. Aquí aparecen en branco e negro, mais non teñen unha cor única, podendo aparecer representados nunha gran variedade de cores tal e como indica o manual gráfico de EQUO.

LOGOTIPO



SÍMBOLO



ANEXO II. NORMATIVA DE COMPORTAMENTO ÉTICO DE EQUO GALICIA

Artigo 1. Réxime disciplinario das persoas afiliadas e simpatizantes

1. Para participar en calquera actividade con dereito a voto reservada ás persoas afiliadas a EQUO GALICIA (assembleas, mesas ou outros organismos, presentación de candidatura, elección, etc.) as persoas asociadas a EQUO GALICIA terán que estar ao corrente dos pagos. Unha situación de impagamento da correspondente cota de afiliación que se estenda durante un período de tres meses consecutivos terá como consecuencia a baixa inmediata do censo de EQUO GALICIA. Recuperarase a alta no momento no que se ingrese a contribución correspondente, incluídos os atrasos, na conta xestionada pola Unidade Económica e Administrativa e esta dea o correspondente certificado de alta. Para novos ingresos, contabilizarán no censo e disporán de todos os seus dereitos un mes despois (ou trinta días naturais) de recibido o ingreso.
2. As persoas afiliadas e simpatizantes manterán na súa actuación política un comportamento coherente co ideario adoptado por EQUO GALICIA nos presentes Estatutos, na Carta Constituinte de EQUO e nos acordos da Asemblea Federal e Nacional. Así mesmo, será necesario subscribir o manifesto fundacional dos Verdes Mundiais (Carta de Camberra).
3. As persoas afiliadas e simpatizantes aceptarán como lexítimas e respectarán as decisións políticas e organizativas adoptadas democraticamente polas estruturas de EQUO GALICIA no ámbito das súas competencias, sen menoscabo da súa liberdade de expresión individual.
4. Ningunha persoa poderá facer uso da marca EQUO GALICIA, nin modificala, para crear organismos, convocatorias, publicacións, páxinas web, contas en redes sociais ou calquera outra ferramenta de comunicación en Internet ou outros medios audiovisuais, sen contar coa autorización expresa das estruturas competentes ou, no seu caso, das persoas responsables de comunicación de EQUO GALICIA. En calquera caso, deberá deixar de utilizala inmediatamente a requirimento de ditas estruturas ou persoas responsables de comunicación.
5. En base ás decisións políticas e organizativas adoptadas democraticamente, a Asemblea Local correspondente poderá requirir a calquera persoa que cese na utilización da marca EQUO GALICIA ou a súa modificación para crear organismos, convocatorias, publicacións, páxinas web, contas en Facebook, Twitter, Tuenti, ou calquera outra ferramenta de comunicación en Internet ou outros medios audiovisuais.

6. A actuación pública e privada das persoas que ostenten cargos de responsabilidade en EQUO GALICIA será eticamente responsable, especialmente no que se refire ás políticas de igualdade e de non discriminación.
7. Así mesmo, na súa relación coas demais persoas afiliadas e simpatizantes e coas súas estruturas, o seu comportamento será respectuoso e excluírá todo tipo de insultos e de violencia verbal ou física.
8. As persoas que actúen como representantes de EQUO GALICIA ou no seu nome, o farán de xeito coherente coas políticas adoptadas na Asemblea Nacional ou pola Mesa Nacional e demais organismos de EQUO GALICIA no ámbito das súas competencias.
9. As persoas electas membros de EQUO GALICIA desempeñarán a súa responsabilidade consonte ao código sobre transparencia e valores democráticos adoptado na Asemblea Constituínte de EQUO.
10. Non poderán ser persoas afiliadas a EQUO GALICIA aquelas que pertencen a outros partidos políticos, agás nos casos establecidos no artigo 10.5 dos Estatutos. Para elo, deberá asinarse unha declaración responsable no momento da adhesión a EQUO GALICIA, advertíndose que se con posterioridade á súa incorporación a persoa adherida a EQUO GALICIA se afiliase a outro partido, estará obrigada a comunicalo. Non se contemplan nesta exclusión ás persoas afiliadas aos partidos que se integraron en EQUO o 4 de xuño de 2011 e aínda permanecen, ata o momento no que se acorde a súa desaparición, sempre que se afilien a EQUO GALICIA.
11. Quedarán excluídas da condición de persoas afiliadas a EQUO GALICIA as persoas que formen parte de, ou pidan o voto para, unha lista electoral distinta da presentada por EQUO GALICIA, en solitario ou en coalición.

Artigo 2. Réxime disciplinario das estruturas de EQUO GALICIA

1. A Comisión Executiva, a Mesa Nacional e os demais órganos e estruturas nacionais ou territoriais están obrigados a amosar un comportamento responsable e transparente, tanto na súa actuación política como na administración dos bens e fondos económicos, e na súa relación coas persoas asociadas e simpatizantes.
2. A Comisión Executiva, a Mesa Nacional e os demais órganos e estruturas nacionais ou territoriais terán que respectar e cumprir as decisións adoptadas pola Asemblea Nacional, pola Mesa Nacional, pola Comisión Executiva e, no seu caso pola Mesas Territoriais e outros órganos conforme ás competencias de cada estrutura.
3. A apertura de contas bancarias e a administración de todos os bens e recursos económicos só poderán ser realizadas polas persoas nomeadas formalmente para ese efecto. Os pagamentos e movementos bancarios superiores a 1.000 € requirirán a sinatura de dúas persoas autorizadas.

4. Os orzamentos de todas as estruturas de EQUO GALICIA serán aprobados polos órganos que cada estrutura estableza. Cada estrutura informará á Mesa Nacional do orzamento aprobado. O conxunto de orzamentos conformará o orzamento integrado de EQUO GALICIA.
5. A Comisión Executiva Nacional e as mesas territoriais deberán levar un sistema de contabilidade convencional que deberá estar dispoñible ante calquera requirimento da Mesa Nacional.
6. A Mesa Nacional renderá contas ante a Asemblea Nacional da contabilidade convencional sobre ingresos, gastos e resultados de EQUO GALICIA, para o que requirirá o correspondente rendemento de contas de cada unha das estruturas de EQUO GALICIA. O rendemento de contas será público.
7. Todas as estruturas de EQUO GALICIA deberán utilizar a marca EQUO GALICIA seguindo os criterios que estableza a Mesa Nacional, que será o organismo competente para decidir calquera alteración ou modificación no uso da marca.
8. Todas as estruturas de EQUO GALICIA deberán actuar nas súas relacións coas persoas afiliadas e simpatizantes con respecto e sen discriminación. Así mesmo, velarán para que se garanta no ámbito da súa competencia o mesmo trato e o exercicio dos seus dereitos e deberes.
9. Calquera incumprimento dalgunha destas normas poderá ser motivo de sanción ás estruturas correspondentes e/ou ás persoas responsables.

ANEXO III. DECÁLOGO DOS CARGOS PÚBLICOS DE EQUO GALICIA

1. Atenderán e desenvolverán todas as tarefas derivadas do cargo para o que sexan elixidos na institución na que representen a EQUO GALICIA e ao seu programa, de forma activa e dilixente.
2. Promoverán e fomentarán a participación da cidadanía na toma de decisións da institución. Así mesmo, traballarán para que as institucións nas que esteamos representados sexan cada vez máis transparentes.
3. Levarán ás institucións propostas cidadás e de organizacións sociais que traballen co horizonte de sociedade que, como EQUO GALICIA, queremos construír.
4. Levarán a cabo un labor parlamentario transparente, directamente a través de Internet e presencialmente de forma periódica, convocando asembleas públicas abertas á cidadanía na circunscrición electoral correspondente.
5. Os deputados e deputadas do Parlamento galego (e os cargos públicos locais, comarcais ou provinciais) que fosen imputados por corrupción ou por algún dos delitos que van contra o ideario de EQUO GALICIA porán o seu cargo a disposición de EQUO GALICIA inmediatamente.
6. Farán un uso eficiente e austero dos recursos públicos postos á súa disposición, garantindo que só se usarán para o exercicio da actividade pública e en beneficio da cidadanía.
7. O labor como cargos públicos será incompatible con calquera outro traballo remunerado.
8. Denunciarán publicamente calquera acto irregular de fraude, corrupción ou desbalde de recursos públicos.
9. Publicarán o seu patrimonio antes e despois da lexislatura, estando accesible durante toda a lexislatura. Renunciarán a calquera prestación económica vitalicia derivada do seu cargo.
10. Publicarán ademais, de forma accesible e continua, toda a súa axenda (actividades realizadas, persoas coas que se reúnen, temas a tratar, etc.) e economía (nóminas, cobros de terceiros, compras de certo nivel, etc.) durante o exercicio da súa responsabilidade pública. Os cargos públicos de EQUO GALICIA terán a obriga de render contas polo seu traballo, de cumprir de forma eficiente con el, de coñecer e aplicar as disposicións legais e regulamentarias, permisivas ou prohibitivas, referentes á incompatibilidade, á acumulación de cargos, ás prohibicións por razón de parentesco e á calquera outro réxime especial que lle sexa aplicable.

A Mesa Nacional, a proposta da Unidade Económica e Administrativa, aprobará a achega a EQUO GALICIA que deberán realizar os membros de

EQUO GALICIA que resulten elixidos para cargos públicos e que se cuantificará nunha porcentaxe da retribución total de cada cargo público.

ANEXO IV. COTAS DE XÉNERO EN EQUO GALICIA

EQUO GALICIA distingue entre os conceptos de sexo e xénero. O sexo é unha realidade biolóxica resultado dun conxunto de características xenéticas. Na especie humana adoitase falar de mulleres (femias) e de homes (machos). O xénero é unha construción social, é o conxunto de roles que a sociedade asigna a cada un dos sexos. O xénero é tamén unha identidade creada que se manifesta a nivel individual. EQUO GALICIA é consciente de que a maior parte das persoas na nosa sociedade son cixénero, isto é: que a maior parte das mulleres se identifican co xénero feminino e que a maior parte dos homes se identifican co xénero masculino. EQUO GALICIA recoñece tamén a lexitimidade das identidades de xénero alternativas ou non-cixénero que inclúen ás persoas transxénero (mulleres de xénero masculino e homes de xénero feminino), así como aquelas con identidades de xénero non-binario (tales como axénero, bixénero, interxénero, terceiro xénero, etc.). EQUO GALICIA recoñece a liberdade de cada individuo para elixir e afirmar a súa identidade de xénero.

EQUO GALICIA recoñece que a política e as posicións de poder e influencia estiveron tradicionalmente dominadas por persoas de xénero masculino. EQUO GALICIA tamén afirma que o dominio masculino neste ámbito non é reflexo de ningunha realidade biolóxica (sexo), senón dun sistema de roles de xénero que nega a equidade. Para compensar esta situación, EQUO GALICIA establece un sistema de cotas de xénero. Este sistema, como calquera outra forma de discriminación positiva, debe entenderse como algo provisional. EQUO GALICIA, como formación política comprometida coa defensa da equidade social, aspira a reformar a sociedade de modo que as cotas de xénero deixen de ser necesarias. EQUO GALICIA realizará unha vez cada dous anos unha análise exhaustiva do impacto das cotas de xénero no partido, para estimar se é preciso mantelas, alteralas ou eliminalas.

I. Sistema de cotas de xénero para os organismos internos de EQUO GALICIA

Terán que aplicar este sistema a Comisión Executiva Nacional, a Mesa Nacional, as mesas de coordinación territoriais e calquera outro organismo interno cando así se estableza.

Cota do 50+ para o xénero feminino.

Establécense dúas categorías de xénero:

- a) Feminino

b) Masculino

Cando menos o 50% dos postos terán que estar ocupados por persoas de xénero feminino. No caso de que o número de postos fose impar, redondearíase á alza.

II. Sistema de cotas de xénero para as listas electorais de EQUO GALICIA

De acordo ao disposto no artigo 78 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, polo que se modifica a Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, as persoas candidatas de cada un dos sexos deben supoñer como mínimo o 40% do conxunto dunha lista electoral.

EQUO GALICIA elaborará as súas listas electorais cun 50% de persoas do xénero feminino e cun sistema de cremalleira modificada.

Establécense dúas categorías de xénero:

- a) Feminino
- b) Masculino

Se a lista é impar e o primeiro membro da lista é masculino, os postos 2º e 3º corresponderán ao xénero feminino.

Para a ordenación da lista seguiranse as directrices dispostas no Réxime Electoral Xeral.

Na maioría dos casos este sistema non entraría en contradición co disposto no Réxime Electoral Xeral. Se chegase a haber conflito, estudaríase o caso e chegaríase a unha configuración que respectase o establecido na lexislación vixente e que fose o máis próxima posible aos resultados das votacións.

ANEXO V. REGULAMENTO DOS ÓRGANOS NACIONAIS

Este regulamento define unha regulación común para os distintos órganos nacionais de EQUO GALICIA especificando, cando é necesario, as particularidades de cada caso. Enténdese por órganos nacionais a Comisión Executiva Nacional, a Mesa Nacional, a Comisión de Respecto e Transparencia e a Comisión de Control Financeiro e Administrativo. A Asemblea Nacional rexerese polo seu propio regulamento. O presente regulamento poderá ser obxecto de revisión e reforma a proposta da Mesa Nacional, que será sometida para a súa aprobación á Asemblea Nacional.

1. Convocatoria e constitución

A convocatoria de reunións de cada órgano nacional será formalizada pola persoa ou conxunto de persoas que o propio órgano determinara para exercer a función de secretaría e coordinación do mesmo. Os distintos órganos terán definida nos Estatutos ou neste regulamento unha periodicidade ou as circunstancias para a celebración de reunións ordinarias. Mediante solicitude dun terzo dos membros cunha antelación de cando menos 18 días naturais, a secretaría deberá convocar unha reunión extraordinaria. Dita solicitude deberá vir acompañada dunha proposta de orde do día.

As reunións dos órganos nacionais requirirán a asistencia de cando menos a metade máis un dos membros.

Para cada reunión, a secretaría do órgano convocará e enviará a orde do día polo menos con dúas semanas de antelación. Os membros do órgano correspondente poderán propoñer novos puntos na orde do día. No caso da Mesa Nacional, poderanse propoñer novos puntos ata unha semana antes da reunión.

No caso da Mesa Nacional, os documentos a debater en cada reunión enviaranse cando menos con 10 días naturais de antelación. Recibiranse propostas de emendas a estes documentos por parte dos membros do órgano ata 72 horas antes do comezo da reunión.

No caso da Comisión Executiva Nacional, os documentos a debater en cada reunión enviaranse cando menos con 5 días naturais de antelación.

A Comisión Executiva Nacional, en virtude do seu carácter de coordinación cotiá de EQUO GALICIA, poderá tratar por procedemento de urxencia asuntos que requiran tratamento inmediato. Nestes casos, o membro ou membros que propoñan á secretaría, con carácter de urxencia e dentro das competencias deste órgano, unha toma en consideración dunha proposta deberán facer unha solicitude motivada e definir o prazo requirido, que en

ningún caso poderá ser de menos de 24 horas. Se o prazo establecido é maior dunha semana e a criterio da secretaría deste órgano, poderase convocar unha reunión extraordinaria de urxencia co asunto proposto como único punto da orde do día, establecendo no prazo que transcorre desde a convocatoria ata a reunión un prazo de cando menos 48 horas para outras achegas ou emendas. Se o prazo establecido é menor dunha semana, o debate e a toma de decisións efectuarase mediante medios tecnolóxicos, como a reunión por videoconferencia, a lista de correos e/ou a votación *online*. En todos os casos, requirirase a participación de cando menos a metade máis un dos membros da Comisión Executiva Nacional para dar por válida a reunión e, no seu caso, a votación.

2. Observadores e membros permanentes

Asistirán como observadores, os contemplados nos Estatutos e noutra normativa de aplicación así como os que poda invitar o propio órgano de forma puntual ou permanente. As reunións da Mesa Nacional estarán abertas ás persoas afiliadas para que asistan en calidade de ouvintes. De forma excepcional e a proposta de cando menos un 10% dos membros da Mesa Nacional e aprobación por maioría simple dos membros do órgano poderá limitarse esta circunstancia. Dita limitación será proposta e no seu caso aprobada para cada reunión, non podendo establecerse de forma temporal ou permanente para máis dunha reunión.

3. Coordinación, secretaría e moderación das reunións

As reunións da Mesa Nacional estarán moderadas por unha mesa da reunión composta por un dos dous portavoces nacionais, a elixir entre eles ou no caso de discrepancia por sorteo entre ambos, e dúas persoas da secretaría da Mesa Nacional, que realizarán as funcións de moderación e secretaría de actas.

As reunións do resto de órganos nacionais estarán moderadas pola persoa que exerza as tarefas de secretaría e outro dos seus membros, a elixir entre eles ou no caso de discrepancia por sorteo, que realizarán as funcións de moderación e secretaría de actas.

As actas das reunións de todos os órganos nacionais serán elaboradas pola persoa ou persoas que moderasen a reunión, a persoa ou persoas que exerzan as tarefas de secretaría e serán sometidas á consulta dos asistentes durante cando menos 48 horas.

Tras este prazo, e non máis tarde de 7 días naturais tras a celebración de cada reunión, as actas serán públicas para todas as persoas afiliadas e simpatizantes de EQUO GALICIA na súa páxina web ou espazo da Equomunidade virtual nun lugar accesible no que se arquiven todos os documentos internos de EQUO GALICIA.

4. Adopción de decisións

Os órganos nacionais adoptarán as súas decisións por consenso tras a presentación da correspondente proposta, que debe formularse en termos claros, preferentemente por escrito. Se, tras o debate, o consenso non fose posible e se mantivesen posicións alternativas, decidírase por maioría de votos.

No caso da elección de persoas por parte de calquera dos órganos nacionais, farase sempre por voto nominal e secreto, e mediante votación a favor, en contra ou abstencións das persoas propostas. Se as persoas propostas para unha mesma posición son varias, resultará escollida a que máis votos obteña. Calquera membro do órgano poderá propoñer candidatos e candidatas.

O principio de funcionamento de todos os órganos nacionais será o de “unha persoa, un voto” para todos os membros con dereito a voto, ademais de que todos os votos valen o mesmo.

No período entre reunións de calquera dos órganos nacionais poderase proceder á toma de decisións por procedemento de urxencia e mediante votación *online* para asuntos que requiran atención antes da seguinte reunión ordinaria prevista e para os que non se solicite unha reunión extraordinaria. Nestes casos, o membro ou membros que propoñan á secretaría, con carácter de urxencia e dentro das competencias deste órgano, a votación dunha proposta deberán facer unha solicitude motivada e definir o prazo requirido, que en ningún caso poderá ser de menos de 24 horas. Agás de existir a oposición por parte de cando menos dúas veces o número de membros que solicitan a votación, a secretaría dará curso a unha votación *online*. En todos os casos requirírase a participación de cando menos a metade máis un dos membros da Comisión Executiva Nacional para dar por válida a votación. Para o proceso de votación e validación do resultado, a persoa ou persoas responsables da secretaría do órgano darán acceso ao sistema de votación a cando menos outros dous membros que se ofrezan para esa tarefa, ou no caso de discrepancia por sorteo.

5. Delegacións do voto

Unicamente se permitirá a delegación do voto na Comisión Executiva Nacional e na Mesa Nacional nas condicións que se detallan a continuación:

- a) Cada representante na Mesa Nacional dun territorio pode levar o voto delegado doutro/a representante dese mesmo territorio.
- b) Os membros da Comisión Executiva Nacional poderán delegar o seu voto noutro membro da dita Comisión.
- c) En todo caso, os membros da Mesa Nacional ou da Comisión Executiva Nacional non poderán levar máis dun voto delegado. En ningún caso ningún membro de ningún órgano nacional poderá delegar o seu voto nunha persoa que non sexa membro de dito órgano.

6. Delegación de asistencia con dereito a voz

Unicamente se permitirá a delegación dun membro dun órgano nacional noutro para a súa asistencia a unha reunión e sempre sen dereito a voto pero si a voz nas condicións que se detallan a continuación:

Cando un membro dun órgano nacional non poda asistir a unha reunión poderá designar a calquera outra persoa afiliada a EQUO GALICIA para que asista no seu nome a unha reunión debendo comunicar dita circunstancia ás persoas responsables da secretaria do órgano cando menos con 48 horas de antelación.

7. Fomento da participación

Na Mesa Nacional os representantes de cada órgano territorial transmitirán o punto de vista dos socios e socias do seu territorio e informarán de forma habitual e frecuente ás persoas afiliadas e simpatizantes do seu territorio dos temas que se traten e decidan en dito órgano.

Polo tanto, previamente a calquera reunión da Mesa Nacional, cada organismo territorial organizará dunha forma ou doutra —preferentemente a través dunha asemblea e por suposto utilizando os recursos da Rede— un debate interno para debater a postura colectiva que levarán os seus representantes a dita reunión, buscar as mellores achegas e solucións de consenso aos asuntos que se vaian tratar. Se, tras o debate a nivel local, o consenso non fose posible e se mantivesen posicións alternativas, os representantes transmitirán tamén as diferentes posicións da propia asemblea.

Os representantes na Mesa Nacional de cada organismo territorial elixiranse a través dun procedemento transparente. Sempre que sexa posible tecnicamente, organizarase a retransmisión en directo por Internet das reunións da Mesa Nacional de forma aberta ás persoas afiliadas e simpatizantes. Utilizaranse ademais, sempre que sexa posible, outras tecnoloxías para que podan participar nela os representantes que non puideran desprazarse.

8. Substitución de vacantes

No caso de dimisión ou baixa voluntaria de EQUO GALICIA e/ou de calquera órgano nacional, a vacante será cuberta pola seguinte persoa do mesmo xénero máis votada para ese mesmo cargo no ámbito no que o membro cesante fose elixido. De non existir do mesmo xénero será substituída pola seguinte persoa máis votada, con independencia do seu xénero. Se a seguinte persoa máis votada xa fose membro do órgano, seguirase coa seguinte persoa máis votada. Caso de non haber máis persoas na lista de candidatos e candidatas votadas na anterior elección para este órgano procederase da seguinte forma segundo corresponda:

a) Membros elixidos no ámbito nacional:

- i. Se no momento da comunicación da baixa restan cando menos 6 meses para a seguinte Asemblea Nacional, procederase a convocar unha elección aberta entre as persoas afiliadas do mesmo xénero que a persoa que causa a vacante.
- ii. Se no momento da comunicación da baixa restan menos de 6 meses para a seguinte Asemblea Nacional, a vacante quedará sen cubrir ata a renovación do órgano na seguinte Asemblea Nacional. No caso da Comisión Executiva Nacional, de producirse un empate nalgunha votación durante o período no que a vacante quede sen cubrir, a cuestión obxecto de votación trasladarase á Mesa Nacional. No caso da Comisión de Respecto e Transparencia e da Comisión de Control Financeiro e Administrativo non se tomarán decisións ata a renovación da vacante.

b) Membros elixidos no ámbito territorial:

- i. Se no momento da comunicación da baixa restan cando menos 6 meses para a seguinte asemblea do territorio correspondente, procederase a convocar unha elección aberta entre as persoas afiliadas do mesmo xénero que a persoa que causa a vacante.
- ii. Se no momento da comunicación da baixa restan menos de 6 meses para a seguinte asemblea do territorio correspondente, a vacante quedará sen cubrir ata a renovación do órgano na seguinte asemblea territorial. Se no período no que a vacante queda sen cubrir se producen votacións na Comisión Executiva Nacional nas que, a causa da vacante, se produce un empate, a cuestión obxecto da votación trasladarase á Mesa Nacional.

En todos os casos, as substitucións terán carácter permanente ata a seguinte renovación do órgano.

ANEXO VI. COMPROMISO DE EQUO GALICIA COA TRANSPARENCIA FINANCEIRA

1. INTRODUCCIÓN

Nestes tempos, a vontade de incrementar a transparencia require ter en conta a importancia de Internet como principal canle para comunicar e compartir a información.

Con este compromiso, EQUO GALICIA pretende fomentar a confianza do cidadán en EQUO GALICIA e a participación cidadá.

A Rede é unha das principais fontes de obtención de información fiable. EQUO GALICIA ten un compromiso real coa transparencia, polo que a información estará dispoñible e accesible na páxina web de EQUO GALICIA.

EQUO GALICIA ten a vontade de poñer en práctica a transparencia voluntaria, que consiste en publicar e diseminar a información relevante do partido aos diferentes grupos de interese en forma clara, permanente e actualizada.

2. COMPROMISO COA TRANSPARENCIA

EQUO GALICIA comprometése a ofrecer a seguinte información:

a) Información básica de EQUO GALICIA:

- i. Historia do Partido: descrición da orixe do partido e do percorrido ata a actualidade.
- ii. Ideas e valores: o substrato ideolóxico e a razón de ser de EQUO GALICIA.

b) Goberno:

- i. Acta Fundacional
- ii. Estatutos
- iii. Código de bo goberno

c) Estrutura Directiva:

- i. Organigrama.

d) Perfil dos cargos directivos:

- i. Incluirase o currículum vitae e a traxectoria profesional.
- ii. Órganos e competencia: descrición dos principais órganos do partido e das súas funcións e competencias.

e) Cargos electos:

- i. Nome e perfil dos cargos electos: incluírase o currículum vitae e a traxectoria profesional.
- ii. Declaración de bens e actividades.

- f) Afiliados:**
 - i. Número e distribución xeográfica, cando menos co detalle comarcal.
 - ii. Dereitos e deberes.
 - iii. Canles de comunicación: as canles ordinarias a través das que se mantén a comunicación cos afiliados e simpatizantes e se atenden as súas peticións, consultas ou queixas.

- g) Programa:**
 - i. Posición sobre temas claves da sociedade.
 - ii. Persoa responsable de cada unha das áreas programáticas.

- h) Cumprimento**
 - i. Informe de xestión: informe sobre os elementos máis relevantes do último exercicio pechado.
 - ii. Propostas ou iniciativas en relación cos programas: presentación de todas as accións e propostas realizadas durante a lexislatura.

- i) Información económica**
 - i. Balance, conta de resultados e memoria explicativa das contas xerais: publicación nun formato que cumpra o establecido na Lei de Financiamento de Partidos.
 - ii. Análise das principais fontes de ingresos.
 - iii. Análise das principais partidas de gasto: presentarase adicionalmente información sobre os gastos realizados nas campañas electorais.
 - iv. Empréstitos e créditos outorgados a EQUO GALICIA.
 - v. Datos de movementos ao detalle de forma desagregada e en formatos abertos.

3. ACCESIBILIDADE

EQUO GALICIA comprométese a elaborar a súa web segundo os estándares establecidos na Iniciativa de Accesibilidade Web (Web Accessibility Initiative) de W3C [España como mínimo segundo o nivel AA], para favorecer que todas as persoas, con independencia da súa capacidade física ou intelectual, poidan percibir, entender, navegar e interaccionar coa web de EQUO GALICIA. Para garantir a interoperatividade e o acceso sen restricións a calquera documento, todas as comunicacións electrónicas de EQUO GALICIA procuraranse realizar utilizando estándares abertos.

ANEXO VII. REGULAMENTO DE CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL

1. A Mesa Nacional será o órgano competente para aprobar a posta en marcha de ditos procesos de contratación a proposta da Comisión Executiva Nacional ou da propia Mesa Nacional cando estas contratacións sexan feitas para postos de traballo de carácter nacional.
2. Tras a súa aprobación procederase a definir e dar publicidade respecto do perfil requirido, dos criterios establecidos para a valoración das posibles candidaturas, do calendario de prazos para a recepción de candidaturas, da valoración dos criterios e da selección, duración da contratación e retribución prevista. A Comisión de Respecto e Transparencia velará porque se cumpran os principios que informan da contratación de persoal, tanto con respecto da publicidade como do cumprimento dos principios de mérito e capacidade. Garantirase de forma especial o coñecemento desta convocatoria por parte de todas as persoas afiliadas e simpatizantes de EQUO GALICIA nun prazo nunca inferior a dúas semanas antes do peche do proceso de contratación. Entre os criterios de contratación, a condición de persoa afiliada non poderá supoñer máis dun 10% dos puntos totais do candidato ou candidata.
3. O proceso de selección de persoal deberá atender aos criterios previamente definidos e dar publicidade cando remate ás actas e informes de valoración de cada candidato ou candidata. A Mesa Nacional, ao aprobar a apertura do proceso de contratación, confirmará se a Comisión Executiva Nacional é o órgano responsable da valoración das candidaturas e da selección das mesmas ou se, polo contrario, se designan en lugar de ou ademais de dito órgano a outras persoas expertas para determinar a cualificación e en especial os aspectos técnicos ou profesionais que o posto de traballo poda requirir. En atención á relevancia do posto de traballo ou da contía da retribución proposta, a Mesa Nacional poderá requirir que, unha vez finalizado o proceso de selección, a Mesa Nacional se reserve a potestade de ratificar ao candidato ou candidata elixida. Os membros do órgano responsable da contratación e da Mesa Nacional non poderán ser candidatos ou candidatas. Unha vez efectuada a contratación, comunicarse publicamente quen son as persoas contratadas e as responsabilidades que asumen.
4. O período máximo no que se ostentará un posto remunerado dentro da organización, como cargo de confianza dun cargo público, como representante do partido nun consello de administración ou en calquera outro posto que implique remuneración, será de 8 anos. O tempo transcorrido ostentando algún posto remunerado deste tipo contabilizará para o tempo máximo como cargo público.

ANEXO VIII. REGULAMENTO DOS CONSELLOS CONSULTIVOS

1. Para o desbloqueo de situacións de disensión na Mesa Nacional, este órgano poderá crear consellos a proposta de calquera membro da Mesa Nacional e bastará que conte cun apoio de cando menos un 35% dos membros de dito órgano. Os membros da Mesa Nacional que fagan a proposta deberán transmitir á Mesa Nacional un documento de mandato que defina o número de membros do consello (en paridade de xénero na súa composición agás que deba ser número impar), o calendario de traballo e a definición clara do asunto sobre o que deben facer unha proposta de resolución, documentando as propostas xa existentes. Este documento poderá ser modificado por acordo da Mesa Nacional e no caso de non existir acordo ao respecto manterase como estaba proposto inicialmente. Aprobada a creación dun consello e o documento que soporte o mandato que se lle outorga a dito consello, procederase a nomear a 2 persoas de enlace entre o consello e a Mesa Nacional. Estas 2 persoas deberán poñer en marcha un proceso que ofrezca as debidas garantías para o sorteo de tantas persoas como membros estean previstos para o consello e cando menos 2 suplentes para cada membro. As persoas elixidas, unha vez informadas do seu nomeamento e postas en coñecemento do documento de mandato para o consello, poderán rexeitar a súa participación e pasar en cada caso o seu nomeamento ao primeiro ou segundo suplentes. No caso de que o titular e os dous suplentes dun ou máis dos membros rexeiten o nomeamento, repetirase o sorteo para titular e 2 suplentes para tantos membros como for necesario.

2. Unha vez aprobada a creación dun consello consultivo, o tema a debate quedará fóra do debate e do proceso de novas propostas e toma de decisións na Mesa Nacional e os seus membros non poderán interferir de ningún xeito no desenvolvemento das deliberacións do consello consultivo. Para realizar o seu traballo, o consello consultivo poderá dotarse de medios de comunicación entre os seus membros tales como unha lista de correos, documentos *online* de creación en colaboración e doutros similares. A Mesa Nacional tratará de facilitar e poñer os medios para que se celebren cando menos 2 reunións presenciais do consello, unha de arranque á que poderán acudir membros da Mesa Nacional que teñan feito ata entón propostas para o tema de debate e outras persoas que, a criterio do consello, podan aportar a súa visión experta ou relevante para o proceso deliberativo. As 2 persoas de enlace poderán axudar ao consello na medida que se lles solicite, mais, agás por petición expresa, non estarán presentes nas reunións nin terán acceso á lista de correos ou outros medios de debate e traballo do consello. Finalmente, deberá celebrarse unha

- última reunión na que se ultime un documento de proposta de resolución de forma colectiva polos membros do consello. No caso de non lograr un resolución por consenso, someterase a votación entre os seus membros. A proposta de resolución debe estipular de forma clara e razoada unha resposta á cuestión que se explicaba no documento de mandato. A Mesa Nacional poderá solicitar a presenza e dar voz a 2 portavoces do consello na súa seguinte reunión. Unha vez celebrada dita reunión, o consello quedará disolto.
3. Recibida a proposta de resolución na Mesa Nacional, esta será vinculante para dito órgano, agás por exercicio do veto por parte de cando menos un 80% dos membros da Mesa Nacional con dereito a voto. Así mesmo, a proposta de resolución poderá ser modificada ou revogada por maioría simple da Asemblea Nacional.
 4. A creación de consellos consultivos mediante o procedemento descrito pode aplicarse no ámbito das organizacións territoriais de EQUO GALICIA, sendo a mesa de coordinación correspondente a que asuma o papel descrito para a Mesa Nacional neste procedemento e a asemblea territorial a que asuma o papel descrito para a Asemblea Nacional.
 5. Para a mediación en situacións de conflito que chegaran á Comisión de Respecto e Transparencia, dito órgano poderá solicitar a creación dun consello consultivo para realizar a mediación das partes previa apertura dun expediente cando, en virtude da gravidade ou particularidades do conflito así o solicite cando menos un 20% dos membros dese órgano. No resto dos casos, recorrerase á mediación da propia Comisión ou doutras persoas designadas a tal efecto por este órgano. Para a creación dun consello consultivo de mediación, a Comisión de Respecto e Transparencia transmitirá á Comisión Executiva Nacional un documento de mandato que defina o número de membros do consello (en paridade de xénero na súa composición agás que deba ser número impar), con calendario para o seu traballo, definición clara do conflito sobre o que deban mediar e indicación dos 2 membros da Comisión de Respecto e Transparencia que actuarán a modo de enlace entre o consello e dito órgano. A Comisión Executiva Nacional deberá poñer en marcha un proceso que ofrezca as debidas garantías para o sorteo de tantas persoas como membros estean previstos para o consello e cando menos 2 suplentes para cada membro. As persoas elixidas, unha vez informadas do seu nomeamento e tendo coñecemento do documento de mandato do consello, poderán rexeitar a súa participación, pasando entón en cada caso o seu nomeamento ao primeiro ou segundo suplentes. No caso de que o titular e os dous suplentes dun ou máis dos membros rexeiten o nomeamento, repetirase o sorteo para titular e 2 suplentes para tantos membros como for necesario.

6. Unha vez aprobada a creación dun consello consultivo, todo proceso referente ao conflito quedará en suspenso no que se refire á Comisión de Respecto e Transparencia, non podendo os seus membros interferir de forma algunha no desenvolvemento das deliberacións do consello consultivo. Para o seu traballo, o consello consultivo poderá dotarse de medios de comunicación entre os seus membros tales como unha lista de correos, documentos *online* de creación colaboradora e doutros similares. A Comisión Executiva Nacional tratará de facilitar e poñer os medios para que haxa cando menos 2 reunións presenciais do consello, unha de arranque á que poderán acudir as persoas implicadas de ambas as partes do conflito e outras persoas que, a criterio del consello, poidan aportar a súa visión experta ou relevante para o proceso deliberativo. As 2 persoas de enlace poderán axudar ao consello na medida na que se lles solicite, mais agás de existir unha petición expresa, non estarán presentes nas reunións nin terán acceso á lista de correos e outros medios de debate e traballo do consello. Finalmente, deberá haber unha última reunión na que os membros do consello, colectivamente, ultimen un documento de proposta de resolución; de non poder resolver o conflito por consenso, someterase a votación entre os seus membros. A proposta de resolución debe ofrecer, de forma clara e razoada, unha resposta á situación de conflito que se requiría no documento de mandato. A Comisión de Respecto e Transparencia poderá solicitar a presenza e dar voz a dous portavoces do consello na súa seguinte reunión. Unha vez celebrada dita reunión, o consello quedará disolto.
7. Recibida a proposta de resolución na Comisión de Respecto e Transparencia, esta será vinculante para dito órgano, agás por exercicio do veto por parte de cando menos un 60% dos membros de dito órgano. Así mesmo, a proposta de resolución poderá ser modificada ou revogada por maioría simple da Asemblea Nacional.

ANEXO IX. CARTA FINANCEIRA

Esta Carta financeira é un regulamento de funcionamento que detalla a información conxuntural dos aspectos económicos dos Estatutos de EQUO GALICIA.

1. Ingresos de EQUO GALICIA

- a) Cotas de afiliación: as cotas anuais serán establecidas pola Mesa Federal no momento de aprobar os presupostos anuais do partido. Actualmente son as seguintes:
- i. Cota ordinaria anual mínima: 120 €. Esta cota pódese aboar nun ou en tres prazos dentro do ano natural.
 - ii. Cota reducida anual: 50 €, para as persoas que, en conciencia, pensen que están atravesando dificultades económicas.
 - iii. Cota 0: banco de tempo. Posibilidade de establecer un banco de tempo que compensaría a achega económica.

As persoas afiliadas a EQUO GALICIA deben estar ao corrente do pagamento para poder exercer os seus dereitos. O impagamento das cotas implicaría a baixa de afiliación no partido, tal e como se detalla nos Estatutos de EQUO GALICIA.

Os ingresos procedentes das cotas de afiliación están suxeitos ao sistema de redistribución territorial que se detalla máis adiante.

b) Doazóns:

As doazóns e outros ingresos non suxeitos á redistribución territorial irán a un fondo nacional cuxo reparto e disposición será decidida con carácter anual e con motivo da aprobación dos orzamentos nacionais por parte da Mesa Nacional.

No caso de se realizar unha campaña de doazóns específica, o total de ingresos netos obtidos por esta vía destinarase a dito fin específico.

c) Subvencións:

De conformidade co estipulado nos Estatutos federais, a EQUO GALICIA e ás organizacións territoriais correspóndenlles as posibles subvencións por representación ou outras de carácter público que respecten os seguintes criterios:

- i. No caso das eleccións municipais, as subvencións obtidas por cargos electos nun concello irán integramente á organización territorial da circunscrición correspondente.
- ii. No caso das eleccións autonómicas, as subvencións obtidas por cargos electos no territorio galego irán integramente á EQUO GALICIA.
- iii. No caso das eleccións estatais ou europeas, as subvencións obtidas por cargos electos en Galicia irán nun 50% á organización nacional e nun 50% á estrutura federal.

d) Financiamento bancario:

No caso de solicitar financiamento bancario buscarase o consenso na Mesa Nacional e, de non ser posible, realizarase unha votación *online* de toda a afiliación, precisando unha maioría simple para a súa aprobación. En todo caso, o financiamento farase sempre a través de banca ética.

2. Xestión económica de EQUO GALICIA

A recadación das cotas de EQUO GALICIA será realizada pola Unidade Económica e Administrativa que remitirá a porcentaxe que corresponda á Unidad Administrativa de Recaudación y Censo (UARC) de EQUO Federal.

A Unidade Económica e Administrativa estará composta por persoas afiliadas e serán elixidas pola Mesa Nacional a proposta da Comisión Executiva Nacional.

a) Distribución dos ingresos por cotas de afiliación a EQUO GALICIA

- i. Distribución por redes transversais. Cada Rede acordará coa Mesa Nacional o seu modelo de financiamento. Unha porcentaxe da cota das persoas físicas afiliadas a EQUO GALICIA, que ademais pertencen a calquera Rede transversal, destinarase ao financiamento de dita Rede.
- ii. Distribución territorial dos ingresos por cotas de afiliación a EQUO. Segundo se recolle nos Estatutos federais, o reparto das cotas será de forma provisional dun 50% para a estrutura federal e dun 50% para EQUO GALICIA. Cada ano revisarase este reparto co obxectivo de chegar a un reparto do 20% para a estrutura federal e do 80% para a organización de EQUO GALICIA.

b) Transparencia e rendición de contas

EQUO GALICIA funcionará con criterios de transparencia económica e rendemento de contas, que serán públicas. A información económica

de EQUO GALICIA debe ser transparente, procurando a accesibilidade e a difusión.

A transparencia debe producirse: en tempo real ou coa maior rapidez posible; nun formato accesible para facilitar o labor de fiscalización pública e tendo en conta a Lei Orgánica de Protección de Datos. No caso de que algunha partida non sexa transparente, haberá que xustificalo e, en calquera caso, esta limitación será de carácter temporal. A transparencia sempre quedará ligada ao que se aprobara nos Estatutos federais, en concreto no que se refire ao artigo 33.

A presentación de contas da UEeA ante a Mesa Nacional realizarase con frecuencia trimestral.

c) Fondo solidario de desenvolvemento territorial

Constituirase un fondo solidario para o desenvolvemento territorial e sectorial (para o apoio a aqueles territorios carentes dunha estrutura mínima), que se irá dotando das achegas de carácter obrigatorio da estrutura nacional e das organizacións territoriais en función da súa capacidade financeira segundo os criterios que se determinen para cada exercicio na Mesa Nacional con carácter anual e con motivo da aprobación dos orzamentos nacionais por parte da Mesa Nacional.

ANEXO Á CARTA FINANCEIRA: PROPOSTA DE BANCOS DE TEMPO

Obxectivos:

- Favorecer que todo o mundo poida afiliarse a EQUO GALICIA sen depender da súa capacidade de pagamento.
- Tender a un traballo en rede.

Os territorios que desexen implantar este tipo de financiamento deberán presentar un orzamento ou unha memoria á Mesa Nacional coas actividades e a súa equivalencia económica, atendendo aos modelos de banco de tempo. A Mesa Nacional deberá ratificar a proposta, observando as actividades que se propoñan e a súa equivalencia económica.

Cada territorio incluírá no seu orzamento ou memoria unha porcentaxe máxima do seu orzamento total en banco de tempo que acordará coa Mesa Nacional.

Non todas as actividades poderán incluírse no banco de tempo (por exemplo, queda fóra do banco de tempo a asistencia a manifestacións).

A Mesa Nacional poderá habilitar un banco de tempo para a realización de tarefas de ámbito nacional.

ANEXO X. REDES TRANSVERSAIS EN EQUO GALICIA

1. En EQUO GALICIA terán cabida redes transversais de persoas que se constitúan como espazos de debate e encontro daquelas persoas que pertencen a un mesmo colectivo social, profesional... Estas redes poderán ter unha presenza destacada nos debates, asembleas ou congresos e a súa voz deberá ser tida en conta, en especial nos temas políticos que afecten ao colectivo que representan. Con este obxectivo, a súa creación debe ser aprobada e estará suxeita ao presente regulamento.
2. A creación dunha rede transversal deberá partir dunha solicitude razoada e por escrito presentada á Mesa Nacional na que se detalle a que colectivo se pretende dar cabida e representación en EQUO GALICIA. As redes transversais terán que aspirar a representar a un colectivo social, político ou profesional de entre aqueles que sufran unha situación de discriminación ou unha problemática específica que requira atención especial. Dita solicitude deberá especificar que condicións terán que requirir as persoas que soliciten ser membros da rede, caso de ser aprobada a súa creación.
3. Toda solicitude de creación dunha rede transversal terá que contar co aval de cando menos un 5% do total das persoas afiliadas a EQUO GALICIA procedentes de cando menos 2 das organizacións territoriais.
4. Tras a súa recepción, a Mesa Nacional poderá someter a votación dita solicitude ou remitila para a súa aprobación á seguinte Asemblea ou Congreso Nacional. Caso de ser sometida a votación na Mesa Nacional, requirirase para a súa aprobación dous terzos (2/3) dos votos. Caso de ser sometida a votación na Asemblea Nacional requirirase para a súa aprobación unha maioría simple dos votos.
5. Unha vez aprobada a súa creación, a rede transversal correspondente de EQUO GALICIA terá o carácter de espazo de traballo e defensa en EQUO GALICIA dos intereses do colectivo que represente e de interlocutora preferente entre EQUO GALICIA e o dito colectivo na sociedade.
6. As redes transversais terán dereito a voz na Mesa Nacional mediante a presenza na mesma de al menos dous portavoces elixidos internamente por sufraxio universal e secreto entre as persoas afiliadas membros de dita rede.
7. Excepcionalmente, as redes transversais cuxa creación fora aprobada, terán ademais dereito a voto na Mesa Nacional mediante dous portavoces, sempre e cando, así se solicitase e o aprobase a Asemblea Nacional ou o Congreso extraordinario por maioría simple dos votos en votación aberta a todas as persoas afiliadas.

